



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 260

VII lexislatura

19 de decembro de 2006

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.4. Acordos, resolucións ou propostas de comisións especiais ou de investigación

—Dítame da Comisión non Permanente para o Estudo sobre as
Causas e Consecuencias dos Incendios Forestais en Galicia 31000

3. Procedementos de control e impulso

3.4. Acordos, resolucións ou propostas de comisións especiais ou de investigación

Ditame da Comisión non Permanente para o Estudo sobre as Causas e Consecuencias dos Incendios Forestais en Galicia

A Comisión non Permanente para o Estudo sobre as Causas e Consecuencias dos Incendios Forestais en Galicia, na sesión do día 18 de decembro de 2006, a vista do Proxecto de Ditame elaborado pola Comisión na sesión do día 11 de decembro de 2006, aprobou o seguinte:

DITAME

A Comisión non Permanente de Estudo sobre as Causas e Consecuencias dos Incendios Forestais en Galicia é creada, por petición dos grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do disposto no artigo 50 do Regulamento do Parlamento Galego, pola Mesa, logo de audiencia da Xunta de Portavoces, na súa reunión de 29 de agosto de 2006.

A devandita Comisión constitúese o día 4 de setembro de 2006 integrada polos seguintes deputados e deputadas: polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: don Abel Fermín Losada Álvarez, dona María Soledad Soneira Tajés e dona Laura Seara Sobrado, e polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, dona Carme da Silva Méndez e dona María Tereixa Paz Franco, co asesoramento da letrada do Parlamento dona Raquel Rodríguez Carro. Nesta sesión procédese á elección da Mesa, que queda constituída por don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro como presidente e don Abel Fermín Losada Álvarez como secretario, quedando pendente a elección do/a vicepresidente/a a expensas da incorporación do Grupo Parlamentario Popular aos traballos desta Comisión.

Na súa sesión do día 8 de setembro de 2006 apróbanse as normas de funcionamento, en cuxo artigo 1 se fixa que “a Comisión non Permanente para o Estudo sobre as Causas e Consecuencias dos Incendios Forestais en Galicia créase co obxecto de pór en marcha un instrumento institucional na Cámara galega coa finalidade de realizar unha análise rigorosa e pescuda de todas as circunstancias relativas á vaga de lumes ocorrida entre os días 4 e 15 de agosto de 2006, así como das causas estruturais que condicionan a proliferación de incendios e das súas consecuencias e debater e extraer propostas de solución e acción para paliar as causas e consecuencias dos incendios forestais”.

Para a consecución do obxectivo fixado, elaborouse o seguinte plan de traballo, que foi aprobado na sesión do 15 de setembro de 2006.

A Comisión levou a cabo 18 sesións de traballo, nas que informaron os seguintes comparecentes:

- Director xeral de Montes, don Alberte Blanco Casal
- Director xeral de Desenvolvemento Sostible, don Emilio Fernández Suárez
- Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, don Xosé Alfredo Pereira e don José María García Sinal
- Director xeral de Protección Civil, don Antonio Espinosa González
- Director xeral de Desenvolvemento Rural, don Edelmiro López Iglesias
- Director xeral de Conservación da Natureza, don Xosé Benito Reza Rodríguez
- Xefe do Servizo de Organización e Control de Medios, don Javier Márquez Alonso

- Unións Agrarias, don Roberto García
- Sindicato Labrego Galego, dona Carmen Freire
- Xóvenes Agricultores, don Andrés Novo
- Delegado do Goberno en Galicia, don Manuel Ameijeiras Vales
- Comisións Obreiras, don Xan María Castro Paz
- UXT-Galicia, don José Antonio Gómez Gómez
- Asociación Forestal Galega, don Francisco Javier Fernández de Ana Magán
- Comité en Defensa do Monte Galego, don Xosé Santos Otero
- Alcalde de Pontevedra, don Miguel Anxo Fernández Lores
- Alcalde de Soutomaior, don Agustín Reguera Ocampo
- Alcalde de Camariñas, don Juan Bautista Santos Ramos
- Adegas, dona Adela Figueroa Panisse e don Florentino Fernández
- Subdirector xeral de Avaliación e Planificación da Prevención de Sinistros do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia, don Ignacio Garrote
- Alcalde de Santiago, don Xosé Sánchez Bugallo
- Alcalde de Oia, don Alejandro Rodríguez Rodríguez
- Asociación Galega Monte Industria, don Juan Picos Martín
- Confederación de Empresarios de Galicia, don Antonio Fontenla Ramil
- Deputación Provincial de Lugo, don Julio Álvarez Núñez
- Seprona, don Celso Rodríguez Rodríguez
- Deputación Provincial de Ourense, don José Luis Baltar Pumar
- CIS-Madeira, don Francisco Pedras Saavedra
- Asefoga, don Jacobo Feijoo Lamas
- Sociedade Galega de Historia Natural, don Antonio Villarino Gómez
- Director xeral de Investigación, Tecnoloxía e Formación Agroforestal, don Gonzalo Flores Calvete
- Confederación Intersindical Galega, don Xesús Seixo Fernández
- Apropiga, don Ignacio Penela e don Guillermo Basteiro
- Aprafoga, don Miguel García Fernández
- ENCE, don Adolfo Asuar Aydillo
- Director xeral de Urbanismo, don Ramón Lueje Espina
- Alcalde de Ourense, don Manuel Jaime Cabezas Enríquez
- Federación Galega de Caza, don José María Gómez Cortón
- Director xeral de Industria, Enerxía e Minas, don Anxo Ramón Calvo Silvosa
- Alcalde de Cee, don José Antonio Domínguez García
- Alcalde de Cerdedo, don Silvestre José Balseiros Guinarte
- Alcalde de Cotobade, don Manuel Loureiro Adán
- Alcalde de Vilagarcía, don Joaquín Javier Gato López
- Alcalde de Carnota, don José Manuel García Martínez
- Alcalde de Moaña, don Xosé Manuel Millán Otero
- Director xeral de Xuventude e Solidariedade, don Rubén Cela Díaz
- Fegamp, don Xosé Crespo Iglesias
- Fearnmaga, dona Concepción Docampo
- Clúster da Madeira, dona Belén Varela
- Representante traballadores SPDCIF, don Rodolfo Docampo
- Ex conselleiros da Xunta responsables da loita contra incendios: don Francisco Sineiro García, don Jaime Rey de Roa, don Tomás Pérez Vidal, don Fernando Garrido Valenzuela e don José Manuel Romay Beccaría
- Serfoga, don Manuel Míguez Villaverde
- Federación Ecoloxista Galega, don José Luis Castro Baleato

- Finsa, don José Carballo García
- Fiscal coordinador de incendios, don Álvaro García Ortiz
- Verdegaia, don Óscar Freire
- Deputación Provincial de Pontevedra, don Rafael Louzán Abal
- Silvanus, don Antonio de María Angulo
- Plataforma Nunca Máis, don Rafael Villar
- Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don José Luis Méndez Romeu
- Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, don Manuel Vázquez Fernández
- Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, dona María José Caride Estévez
- Conselleiro do Medio Rural, don Alfredo Suárez Canal

Igualmente, recibíronse informes achegados polos propios comparecentes, así como informes complementarios remitidos e os informes recadados que figuran no plan de traballo.

Este relatorio estrutúrase en catro partes, respondendo ao mesmo esquema establecido para o plan de traballo aprobado:

1. Análise exhaustiva e pescuda de todas as circunstancias concorrentes nos lumes producidos entre o 4 e 15 de agosto de 2006.

a) En relación coas vítimas mortais:

a.1. Circunstancias nas que se produciron os falecementos

Dos datos achegados polo fiscal coordinador de incendios de Galicia hai unha causa xudicial aberta no Xulgado de Instrución da Estrada en relación co incendio iniciado en Serrapio (Cerdedo) no que se produciron dúas vítimas mortais. O informe facilitado polo ministerio fiscal, limitado para non dificultar nin entorpecer as dilixencias xudiciais, revela os seguintes datos:

- O día 4 de agosto de 2006 sobre as 14.10 horas iniciouse un incendio forestal no lugar de Serrapio, parroquia de Santo Estevo de Pedre no concello de Cerdedo, que afectou a 8.000 ha de monte, polo que se instruíron dilixencias no posto da Garda Civil de Cerdedo n.º 62/06, que foron remitidas ao Xulgado de Instrución da Estrada.
- Debido á alta velocidade do vento, ás altas temperaturas e á baixa humidade relativa, o incendio propágase a gran velocidade, existindo perigo para as casas, afectando o fume provocado á estrada N-541 Ourense-Pontevedra, cruzando as lapas a vía por varios puntos, polo cal sobre as 17.30 se procedeu ao corte de tráfico por existir perigo para os usuarios.
- Sobre as 18.20 a Garda Civil presentouse no lugar no que foi localizado un vehículo accidentado sinistrado e totalmente calcinado na N-541 ao seu paso polo lugar de Dorna, concello de Cotobade, concretamente no punto quilométrico 70,700, nun cruzamento do trazado antigo co trazado actual, na marxe dereita en sentido Pontevedra. A 150 centímetros do lateral dereito do vehículo atópanse dous cadáveres humanos queimados. O vehículo impactara contra o quitamedos e polas probas practicadas esta zona estaba ou estivo en lapas antes de accidentarse o vehículo.
- Por estes feitos a Unidade Orgánica da Policía Xudicial da Garda Civil instruíu dilixencias 57/06, que foron remitidas ao Xulgado de Instrución da Estrada.
- O Servizo de Protección da Natureza, logo de determinar o lugar de inicio do incendio, realizou activas xestións na zona tendentes ao esclarecemento daquel. Logo de

manifestacións dos veciños que foron testemuñas dos actos presuntamente delituosos, procedeuse á detención de S.P.F. como presunto autor do incendio.

- A causa xudicial tramítase no Xulgado de Instrución da Estrada. O detido está imputado polo incendio e polas mortes ocasionadas directamente por este.

a.2. Desenvolvemento do incendio

Segundo o informe técnico do incendio de Pedre (Cerdedo) emitido polo xefe do Distrito Forestal XVI Deza-Tabeirós, elaborado baseándose na información recollida nos libros de actas do Distrito XVI, Distrito XIX e Centro de Coordinación Provincial (CCP) de Pontevedra, o desenvolvemento do incendio do día 4 de agosto e os medios empregados na súa extinción foron os seguintes:

- Ás 14.20 horas do día 4 de agosto de 2006 recibíuse aviso no Centro de Coordinación do Distrito XVI (CCD XVI) a través do CCP do inicio dun incendio forestal en Serrapio, Pedre (Cerdedo), e mobilízase desde o CCD XVI unha brigada, unha motobomba e un axente forestal seguindo o protocolo habitual. Ás 14.25 envíase outra motobomba.
- Ás 14.30 chega ao incendio a motobomba de Cerdedo e confírmase a alarma como incendio. A área de inicio está na beira da estrada que une Serrapio e Bugarín e desde o inicio ata que cruza a estrada entre Fornelos e San Isidro, feito que se produce ás 16.15, a dirección no avance é oeste-suroeste. Logo de cruzar a estrada cambia a dirección do vento e o seu avance pasa a ser sur-suroeste. A velocidade de propagación do incendio era moi alta debido á velocidade do vento (ás 13.00 h no alto de Candán era de 50 km/h), o que unido ás masas de eucalipto orixina multitude de focos secundarios aos dous lados do río Lérez e da estrada N-541.
- Ás 15.00 entra en servizo unha brigada que se despraza a ese incendio ao igual que tres avionetas con carga en terra procedentes da base de Beariz.
- Ás 15.15 envíase outra brigada e solicítanse máis medios aéreos ao CCP.
- Ás 15.30 solicítase un *bulldozer* ao CCP.
- Ás 16.00 entra unha brigada de servizo e envíase ao incendio e ás 16.25 unha cisterna e outro axente forestal. Ás 17.00 envíase un técnico do Distrito XVI que ata entón estaba noutro incendio.
- Ás 17.45 reciben no Distrito XVI comunicación do corte da estrada N-541 no tramo comprendido entre Cerdedo e Dorna e ás 17.50 chega Protección Civil de Cerdedo.
- Ás 18.00 comunícaselle ao CCD XVI o falecemento de dúas persoas ao tratar de incorporarse ao tramo da estrada N-541 cortada ao tráfico pola Garda Civil.
- Antes de se produciren as mortes atopábanse no incendio os seguintes medios enviados polo CCD XVI: 1 técnico, 2 axentes forestais, 5 brigadas, 2 motobombas, 1 cisterna, 1 helicóptero e 3 avionetas de carga en terra, estando tamén medios enviados polo Distrito XIX.
- Durante o día 4 de agosto de 2006 en total actuaron neste incendio: 1 xefe de distrito, 4 técnicos, 7 axentes forestais, 12 brigadas, 8 motobombas, 3 helicópteros, 3 avionetas de carga en terra, 1 hidroavión, 4 *bulldozer* e 1 cisterna.

CONCLUSIÓN:

1. A resposta na remisión de medios para a extinción do incendio produciuse de inmediato, sendo o tempo de resposta de menos de 20 minutos.

2. Os medios despregados, tanto humanos como materiais, foron os máximos posibles tendo en conta a existencia doutros incendios importantes nese mesmo momento.
3. Neste incendio, con numerosos focos secundarios, concorreron condicións de intensidade e velocidade do vento, temperatura e humidade relativa especialmente adversas.
4. Ante o perigo que o fume provocaba sobre a seguridade viaria pechouse á circulación a estrada N-541 no tramo comprendido entre Cerdedo e Dorna.
5. O falecemento das vítimas produciuse logo dun accidente ao tratar de incorporarse ao tramo da estrada cortada, ao parecer nunha zona que xa ardera previamente.
6. No Xulgado de Instrución da Estrada séguense dilixencias nas que está imputado polo incendio e polas mortes S.P.F.
7. Os restantes datos referentes ás circunstancias dos falecementos están suxeitas ao segredo das actuacións xudiciais.

b) En relación co desenvolvemento dos incendios e cos dispositivos empregados referidos ao período comprendido entre os días 4 e 15 de agosto de 2006:

b.1.1. Circunstancias meteorolóxicas

Dos datos achegados tanto por administracións públicas como por parte doutras entidades comparecentes téñense caracterizado as circunstancias meteorolóxicas excepcionais coas seguintes variables:

- Persistencia e intensidade do período de seca. A seca do presente ano hidrolóxico (setembro 2005 - setembro 2006), as elevadas temperaturas máximas acadadas, a escasa humidade relativa e o forte e cálido vento do nordés caracterizan as condicións meteorolóxicas deste período.
- Persistencia de temperaturas elevadas. Segundo informacións procedentes de MeteoGalicia, as temperaturas medias rexistradas na Comunidade Autónoma, nos trinta días anteriores, entre o 14 de xullo e o 13 de agosto, foron superiores ás medias do último lustro e, nalgúns casos, especialmente na provincia de Pontevedra, as máis elevadas dos últimos trinta anos. De feito, a mediados de xullo foi declarado en Galicia o estado de alerta pola vaga de calor. Daquela, vésperas da crise incendiaria, en moitos puntos das provincias da Coruña e Pontevedra superáronse marcas históricas ao rexistrarse temperaturas por riba dos 40 graos centígrados, algo excepcional na fachada atlántica de Galicia.
- Elevada velocidade e intensidade do vento do nordés así como a súa persistencia . Houbo vento constante de 25 km/h e chegando en moitos casos ata os 70km/h, coa particularidade de que o período de calma foi só do 9 % do tempo, fronte ao 60 % do ano 2005. Cómpre dicir que a súa velocidade no período analizado foi maior ca nos últimos anos, zoando de forma máis persistente ao diminuír o número de calmas e mantendo a súa presenza un maior número de días. Como exemplo, en Compostela, a velocidade media do vento entre o 6 e o 12 do mes de agosto foi catro veces superior á media do ano 2005 e mantívose por riba dos 20 km/h dez días seguidos, entre o 3 e o 13 de agosto.
- Humidade relativa extremadamente baixa e precipitacións acumuladas moi inferiores. No mes de xullo non houbo un só día de chuvia.

Estas condicións extremas son propicias para a propagación dos lumes e dificultan a súa extinción, provocando que os incendios xa teñan unhas grandes proporcións ao chegar o dispositivo de

extinción, o cal imposibilita que estes poidan atacar a cabeza do incendio. É a combinación dos coñecidos como tres (ou catro) 30 que favorece extraordinariamente a aparición e propagación dos lumes:

- Humidade relativa por debaixo do 30 %.
- Temperatura por enriba dos 30 °.
- Vento a máis de 30 km/hora.

A confluencia destes factores provocou que os incendios se propagaran a unha velocidade de ata 3 km/h.

Se a esta situación climatolóxica lle engadimos a dificultade da extinción naquelas zonas con máis dun 30 % de pendente, atopámonos co escenario no que se desenvolveu a extinción dunha parte importante dos lumes.

b.1.2. Actividade incendiaria

Os datos oficiais achegados pola Consellería do Medio Rural reflicten que en canto a esta variable o comportamento ata o 3 de agosto de 2006 foi similar ao de anos anteriores:

Datos do 1 de xaneiro ao 3 de agosto	
ANO	N.º DE LUMES
2001	3.166
2002	5.602
2003	3.837
2004	8.555
2005	7.264
Media 2001-2005	5.665
2006	4.163

No período comprendido entre os días 4 e 15 de agosto produciuse un incremento significativo do número de incendios, tanto en comparación cos meses anteriores deste ano como en relación con este mesmo período de anos anteriores, producíndose os incrementos maiores nas zonas da fachada atlántica.

Nestes días producíronse un total de 2.055 incendios, coa seguinte distribución provincial:

PROVINCIA	1/08/05-15/08/05	1/08/06-15/08/06	INCREMENTO
A CORUÑA	326	762	134 %
LUGO	129	227	76 %
OURENSE	292	425	46 %
PONTEVEDRA	248	641	158 %
TOTAL	995	2.055	107 %

Destes datos despréndese que o incremento no número de lumes é de máis do dobre para o conxunto de Galicia, sendo este máis acusado nas provincias da Coruña e Pontevedra, nas que soben nun 2,3 e 2,5 respectivamente.

Os lumes que permaneceron activos desde o día 4 ao 13 de agosto de 2006 son igualmente moi superiores aos de igual período do ano anterior:

INICIO													LUMES ANTERIORES	LUMES DÍA	TOTAL
Día	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13				
4	11	108											11	108	119
5		28	153										28	153	181
6		3	56	178									59	178	237
7		2	10	60	162								72	162	234
8		2	5	15	59	172							81	172	253
9		2	1	10	5	68	188						86	188	274
10		2		7	2	13	78	178					102	178	280
11		1		3	2	10	16	74	173				106	173	279
12					2	7	6	16	51	187			82	187	269
13					1	7	4	7	8	55	152		82	152	234
				T	O	T	A	L					709	1.651	2.360

Como se pode apreciar, hai picos de días con cerca de 300 lumes activos.

Superficie queimada

A superficie queimada en Galicia nos últimos once anos, en relación coa superficie total queimada no Estado, representa unha media un pouco superior ao 25 % (26,23 %). A vaga de lumes ocorrida nos dez días de agosto supuxo un total de 77.772,89 ha, que se distribuíron nas provincias da seguinte maneira:

A Coruña: 27.561,38 ha

Lugo: 2.065,36 ha

Ourense: 10.341,63 ha

Pontevedra: 37.804,52 ha

b.1.3. Activación dos niveis de alerta

O número de lumes de nivel 1 (aqueles con riscos para vidas humanas e bens de natureza non forestal) é un bo indicador das características peculiares da vaga incendiaria da primeira quincena de agosto deste ano.

Entre o 1 e o 15 de agosto deste ano, máis da metade do número de incendios (1.052 sobre 2.055) foron declarados como de nivel 1, tendo a maioría deles varios focos (unha media de cinco focos por lume). Estamos polo tanto a falar de máis de 5.200 focos de nivel 1; esta cifra dá unha idea das enormes dificultades das tarefas de extinción.

As peculiaridades deste ano reflíctense na comparación do número de lumes de nivel 1 do ano 2005 e do 2006. No ano 2005 houbo nestes 15 días 32 lumes de nivel 1, fronte aos 1.052 deste ano. Se vemos o número de focos, as diferenzas aínda serían maiores, xa que o número medio de focos por lume pasou de 2 no ano 2005 a 5 no 2006.

A partir do día 6 de agosto declarouse o nivel 2 en diversas localidades e o día 7 de agosto declárase o nivel 2 con carácter xeral nas provincias da Coruña e Pontevedra.

b.1.4. Incidencias

No que se refire ás incidencias que puideron afectar o desenvolvemento normal das actividades dos cidadáns, durante estes dez días producíronse 17 cortes na autoestrada AP-9, 9 cortes noutras estradas nacionais, 23 en estradas autonómicas e 10 en estradas locais. Fíxose necesario acordar

coas autoridades competentes a liberación da peaxe na AP-9 nos tramos de maior afectación entre as 18 horas do día 9 de agosto e as 18 horas do día 14 de agosto. Tamén se produciron afectacións na subministración de telefonía, tanto fixa coma móbil, que afectaron de xeito especial a algunhas áreas da Costa da Morte.

Por outro lado, os datos dos incendios e as actuacións de todo tipo vinculadas á extinción foron postos en tempo real en coñecemento da sociedade galega e dos medios de comunicación, tanto públicos como privados. Todos os que estaban á disposición da administración en cada momento. Algúns outros datos non puideron ser avaliados, ata pasado ese período, como foi a avaliación e distribución da superficie queimada.

b.1.5. Tipoloxía dos incendios

- Localización dos lumes

A localización dos lumes en vagas especialmente graves de anos anteriores, como a ocorrida entre o 14 e 24 de agosto de 2005, producíase nas zonas tradicionais, é dicir, no sur da provincia de Ourense e de Pontevedra e nas comarcas da Barbanza e do Salnés, mentres que na vaga do ano 2006 a maior intensidade produciuse nas provincias atlánticas: Pontevedra e A Coruña simultaneamente.

Os incendios prodúcense moi concentrados tanto no tempo como no espazo en zonas costeiras, urbanas, periurbanas e no contorno das infraestruturas, estando ante un grande número de incendios dos chamados “escaparaté”.

Os incendios teñen o seu inicio en zonas arboradas nun 55 % dos casos, o que xunto co feito de producirse nos días de maior adversidade meteorolóxica evidencia unha alta intencionalidade e que se trata de actuacións premeditadas co fin de causar o maior dano posible.

A vaga de incendios afectou a 147 concellos e 9.662 entidades de poboación, producíndose o 100 % destes no 26 % do territorio.

- Número de focos

Prodúcense unha media de 5 focos iniciais por incendio fronte aos 2 focos de media doutros anos. É un exemplo significativo desta situación o incendio producido en Santiago o día 12 de agosto de 2006.

- Interface urbano-forestal

A interface urbano-forestal afectada polo lume defínese como o perímetro común entre os espazos forestais e urbanos. Durante a vaga de incendios de agosto esta tivo un valor de 788.162 metros lineais, producíndose un incremento en relación con todo o ano 2005 dun 3.712 %, daquela fora de 21.231 metros lineais.

É de salientar que a maior interface urbano-forestal se produce na provincia da Coruña, con 639.704 metros.

- Afectación ás infraestruturas

Moitos dos lumes producidos entre o 4 e 15 de agosto de 2006 afectaron as principais arterias de comunicación: autoestrada AP-9, vía rápida da Barbanza, aeroportos de Peinador e Lavacolla (necesarios para o funcionamento do dispositivo aéreo de extinción) e edificacións singulares como o caso das proximidades da residencia oficial do presidente da Xunta de Galicia e o edificio de Protección Civil.

- Modo de inicio dos lumes

Dos datos oficiais achegados evidénciase que se poñen en práctica estratexias que teñen en conta a hora do día (incrementábase notablemente o número de incendios que se inician nas horas centrais do día, cando a temperatura e a intensidade do vento son maiores e a

humidade relativa é menor); a localización do seu inicio en masas arboradas, nun 55 % dos casos, e ao norte de poboacións e infraestruturas para que a súa propagación se vexa favorecida polo vento nordés; e utilización das condicións orográficas do terreo para que xunto coas condicións meteorolóxicas maximicen a súa extensión.

CONCLUSIONES:

1. Todas as circunstancias enumeradas xustifican que poidamos afirmar que a vaga de incendios que se produciu entre os días 4 e 15 de agosto foi unha situación excepcional e non previsible, por non haber datos históricos que permitiran deducir a posibilidade da súa ocorrencia.
2. Prodúcese a concorrencia de condicións meteorolóxicas especialmente adversas e persistentes.
3. Existiu unha actividade delituosa incendiaria desaforada, de elevada intencionalidade e con pretensión de causar o maior dano posible.
4. Aparición dunha nova tipoloxía de incendios (que empezou a percibirse na vaga do 14 ao 24 de agosto de 2005 na comarca de Monterrei), caracterizados pola súa elevada afectación a vivendas, núcleos de poboación e infraestruturas, polo elevado número de focos iniciais, polo incremento da interface urbano-forestal e polo seu inicio nas horas centrais do día e en masas arboradas.
5. Coa finalidade de garantir a seguridade na circulación realizáronse os cortes de tráfico na rede viaria afectada, chegando no caso da AP-9 á liberación dos postos das peaxes.
6. A política informativa realizada polo Goberno galego foi de total transparencia, fornecendo datos puntuais da situación real a través dos medios de comunicación públicos e privados.

b.2. Referente ao dispositivo do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais

As tarefas de extinción da vaga de lumes do mes de agosto desenvolvéronse nunhas condicións extremas para todo o persoal que traballa neste ámbito motivadas polo aumento de lumes de nivel 1 tan desproporcionado, o número de lumes en poboacións chamadas *escaparete* (como é o caso de Santiago de Compostela, con 50 lumes), a localización da maioría dos focos (maioría na interface urbano-forestal), o incremento dos lumes nas horas centrais do día..., en definitiva todas as características que define esta nova tipoloxía incendiaria.

Cabe subliñar que o incremento de lumes de nivel 1 (33 veces máis lumes que 2005) e o despregamento que fixo falta implementar fan extremadamente difícil deseñar un operativo que poida facer fronte a unha situación tan atípica e excepcional, tanto desde o punto de vista económico como do de previsión de medios.

O operativo de loita contra incendios estivo claramente ante unha situación excepcional e non previsible.

Deste xeito a extinción dos incendios viuse extraordinariamente complicada, converténdose por primeira vez, máis que en incendios forestais, nunha ameaza á protección civil do país.

b.2.1. Medios humanos

O dispositivo integrado no SPDCIF está integrado polos seguintes medios humanos:

- Persoal funcionario integrado por técnicos e axentes forestais do SPDCIF que desenvolven as súas funcións nos servizos centrais e adscritos aos 19 distritos forestais. Constitúen un continxente total de 649 persoas coa incorporación durante a temporada de máximo risco de 158 axentes adscritos á Consellería de Medio Ambiente. Idéntico número que no ano 2005.

- Persoal laboral: que ocupa postos da RPT da Consellería do Medio Rural e integrado segundo o Convenio único de persoal laboral da Xunta de Galicia nas seguintes categorías:

- a) Vixilantes fixos.
- b) Vixilantes móbiles, existiron 30 equipos.
- c) Brigadas do SPDCIF.

Están integradas por 1 xefe de cuadrilla, 1 peón condutor e 5 peóns.

- Brigadas fixas, formadas por persoal laboral fixo. Estas brigadas están operativas todo o ano.
- Brigadas fixas descontinuas, integradas por persoal laboral fixo que ocupa postos de fixo-descontinuo segundo a RPT. No ano 2006, logo de ter negociado e pactado coas organizacións sindicais máis representativas, este persoal pasou de prestar os seus servizos durante 6 meses ao ano (de abril a outubro) a facelo 9 meses deste ano (de febreiro a novembro).

O número de brigadas foi de 138, que é o mesmo de anos anteriores, ademais de 5 brigadas de acción rápida.

d) Brigadas do Plan Infoga. Están integradas por persoal laboral temporal contratado ao abeiro do disposto no Decreto para contratación de persoal laboral temporal. Estiveron operativas un total de 45 brigadas helitransportadas.

e) Beluga, integrada por 48 efectivos con 3 técnicos á fronte; non existía en campañas anteriores.

f) Brigadas municipais. Cofinanciadas pola Consellería do Medio Rural e os concellos afectados nunha correlación dun 70 % e 30 % respectivamente, en virtude do convenio marco asinado entre a Consellería do Medio Rural e a Fegamp o día 26 de abril de 2006 e que será analizado nun punto posterior.

Están formadas por persoal laboral temporal contratado e seleccionado por parte dos respectivos concellos e cuxa relación laboral se establece con estes.

En virtude destes convenios constituíronse 205 brigadas e realizáronse 105 accións de prevención.

g) Grumir. Na campaña 2006 houbo 49 operativos, igual que na do 2005.

h) GLPA. Na campaña de 2006 houbo 10 grupos operativos, un máis que no 2005.

i) Brigadas conveniadas coas comunidades de montes veciñais en man común, en total estiveron operativas 31 brigadas que empezaron a realizar traballos preventivos un mes e medio antes que o ano anterior.

j) Brigadas Brif, dependentes da Dirección Xeral de Biodiversidade do Ministerio de Medio Ambiente, 2 situadas en Laza, igual que o ano anterior.

b.2.2. Medios materiais:

- Medios aéreos

1. Da Consellería do Medio Rural:

	ANO 2006	ANO 2005
--	----------	----------

Helicóptero con helibalde	12	13
Helicóptero Beluga	1	0
Helicóptero de vixilancia e coordinación	3	3
Avións de carga en terra	12	9
TOTAL	28	25

2. Do Ministerio de Medio Ambiente:

	ANO 2006	ANO 2005
Avións Canada Air	3	2
Avión óptico	1	1
Helicópteros Brif	2	2
Avións Air Tractor	2	2
TOTAL	8	7

- Medios terrestres

1. Da Consellería do Medio Rural:

	ANO 2006	ANO 2005
Motobombas	132	126
Tractores rozadoras	20	-
Cisternas	3	-
<i>Bulldozer e góndola</i>	18	-

2. De concellos, mancomunidades e comunidades de montes:

	ANO 2006	ANO 2005
Cubas CMVMC / CUMAS	62	-
<i>Pick-up</i> CMVMC	5	-
Motobombas municipais	91	101
Tractores rozadoras	117	-
Grumir	49	49

b.2.3. Coordinación do operativo

A coordinación do operativo establécese a través dos/as xefes/as de distrito, xefes/as provinciais do servizo de incendios e xefe do Servizo de Organización e Control no nivel nacional.

No ano 2006 o cargo de xefe do Servizo de Organización e Control vén sendo ocupado polo funcionario que o viña facendo no pasado.

No que se refire aos xefes provinciais do Servizo de Incendios producíronse os seguintes relevos:

A Coruña: o funcionario que desempeñaba o posto con anterioridade optou a outro destino por concurso de traslados e foi substituído por un técnico con 14 anos de experiencia no servizo.

Lugo: o anterior xefe de servizo é substituído por un técnico de experiencia e cun perfil máis idóneo.

Ourense: noméase xefe provincial un funcionario, técnico con longa experiencia e prestixio no servizo; o anterior estaba en comisión de servizo imposible de prorrogar.

Pontevedra: nomeouse para este posto o xefe do Distrito de Lalín, con experiencia no servizo. O anterior estaba en comisión de servizo que rematou.

No que atinxe aos xefes de distrito:

Renováronse aqueles que estaban ocupados por interinos ou que resultaron vacantes como consecuencia do concurso de traslados. Están ocupados por técnicos.

b.2.4. Convenios cos concellos

En virtude do convenio marco asinado coa Fegamp, a Consellería do Medio Rural ofreceulles aos concellos o asinamento das seguintes modalidades de convenio de colaboración:

- Para contratación de brigada de extinción
- Para contratación de brigada para labores preventivos
- Para motobombas

Dentro do obxectivo de racionalización da súa distribución e para unha maior eficacia, o ofrecemento de brigadas de extinción realizouse con base nos seguintes criterios:

- En función dos informes elaborados polos técnicos da consellaría no ano 2005 e que poñían de manifesto que as dificultades para a conformación dalgunhas con todos os seus efectivos e a súa deficiente integración e funcionamento dentro do dispositivo.
- A súa distribución territorial con base no establecemento de isócronas de resposta garantindo unha cobertura uniforme do territorio.
- A aqueles concellos que tendo convenios para brigadas de extinción en anos anteriores e que este ano non contarían con estas ofrecéuselles algunha das outras dúas modalidades de convenio.

O contido dos convenios de colaboración foron esencialmente os mesmos que os de anos anteriores, agás no referido ás seguintes cuestións:

- A recomendación de que para a contratación de xefe de cuadrilla se establecera a titulación de grao medio ou superior na rama agraria.
- A presenza dun representante da Consellería de Medio Rural na comisión de selección do persoal.
- A consellaría asumía a formación dos integrantes das brigadas; no caso de non aceptar esta condición, esta sería impartida e financiada polo propio concello.

Segundo a documentación achegada polo presidente da Fegamp en nome de diferentes concellos, estas modificacións foron a causa de que algúns concellos retardaran o asinamento do convenio ou mesmo se negaran a facelo. Redundan nesta constatación a circular interna do PP remitida aos alcaldes da provincia da Coruña e o acordo da Fegamp do 12 de xuño de 2006 de solicitar unha entrevista coa Consellería do Medio Rural para matizar os termos do convenio.

No que se refire aos prazos no asinamento dos convenios, da documentación achegada pódese constatar que o día 26 de abril de 2006 asinouuse un convenio marco, logo de negociación, entre a Fegamp e a Consellería do Medio Rural.

O día 1 de xuño de 2006 remitíuselles por correo certificado comunicación aos concellos realizando formalmente o ofrecemento a fin de que amosaran a súa disposición para a súa adhesión a este e asinamento.

Verbo do asinamento dos convenios, segundo os datos dos que dispón esta Comisión, asináronse antes do 23 de xuño 126 convenios e antes do 14 de xullo 78 convenios e 1 o 26 de xullo. Das 205 brigadas, o 91 % (é dicir, 186 brigadas) incorporáronse nas datas previstas e nas 19 restantes o atraso é imputable á Administración local.

A Consellería de Medio Rural ofreceulle aos concellos a concreción dos seguintes convenios:

	Convenios ofertados	N.º de concellos excluídos	N.º de concellos que renuncian	Convenios asinados
Brigadas extinción	249	73	44	205
Brigadas rozas	302	-	97	105
Motobombas	112	-	24	88

Logo das renuncias dos concellos a asinar os convenios que figuran na táboa anterior, o resultado final é o seguinte, en comparación co ano anterior:

TOTAL CONVENIOS ASINADOS	ANO 2006	ANO 2005
Brigadas extinción	205	306
Brigadas rozas	105	77
Motobombas	88	99

Das comparencias na Comisión téñense evidenciado defectos de funcionamento das brigadas municipais, que entre outros poden resumirse, sucintamente, nos seguintes:

- Dificultades para constituír a brigada por falta de persoal.
- Dificultade para atopar profesionais en determinados postos como pode ser condutores de motobombas ou xefes de brigada coa titulación adecuada.
- Falta de formación.
- Carencia de medios en calidade e cantidade.
- Realización de funcións alleas á loita contra os incendios.
- Descoordinación con respecto ao resto do operativo.
- Agravios salariais e laborais.

Pero tamén se teñen destacado virtudes dignas de estudo e análise:

- Coñecemento do terreo.
- Capacidade de resposta rápida.
- Motivación en situación de emerxencia pola vinculación co territorio.
- Gran potencial en materia de prevención, apoio e labores de mantemento e conservación das masas arbóreas e do monte en xeral.

b.2.5. Dispositivo activado a 4 de agosto de 2006.

Todos os medios humanos enumerados no apartado b.2.1 estaban totalmente operativos o día 4 de agosto de 2006.

Todos os medios materiais descritos no apartado b.2.2 estaban operativos o día 4 de agosto de 2006.

b.2.6. Activación de medios extraordinarios

Ante a alarmante situación que se empezou a producir o día 4 de agosto de 2006 tómase a decisión de pedir máis medios aéreos ao Ministerio de Medio Ambiente.

O día 5 de agosto solicítase a colaboración doutras comunidades autónomas: Castela-La Mancha, Castela-León e Asturias, e máis recursos do Ministerio de Medio Ambiente.

O día 6 de agosto solicitouse axuda extraordinaria non só do Ministerio de Medio Ambiente, senón doutros departamentos ministeriais: Ministerio de Interior e de Defensa, doutras comunidades e doutros países, tanto da UE como doutros.

- Medios persoais extraordinarios:

PROCEDENCIA	BOMBEIROS	BRIGADAS	BRIF	OUTROS
GOBERNO GALEGO		18		
GOBERNO CENTRAL	69		2	75
C.A. ANDALUCÍA			1	24
CÁDIZ	15			
JAÉN				4
DEPUTACIÓN CÓRDOBA				5
EUSKADI	29			
LA RIOJA		1		2
VALENCIA	64			
ASTURIAS	46			
BALEARES				10
MADRID	33			38
CASTELA-LA MANCHA	51			
TOLEDO IGLESUELA	22			
CASTELA-LEÓN	69			
CATALUÑA				12
EXTREMADURA	11	2		
CONCELLO DE BADAJOZ	8			
NAVARRA	14			
ARAGÓN	10			39
ANDORRA	6			
CANTABRIA				20
MURCIA	26			16
PORTUGAL	55			
FRANCIA				
ITALIA				
TOTAL	628	21	3	243

- Medios materiais extraordinarios:

PROCEDENCIA	VEHÍC. LIXEIR.	MOTO BOMBA	PICK- UP	HIDRO AVIÓN	AVIÓN CT	HELI CÓP.	MAQU. PESA.	AMBU LANCIA
GOBERNO GALEGO					2		75	
GOBERNO CENTRAL		1		4	4	3		
C.A. ANDALUCÍA						3		
CADIZ								
JAÉN						1		
DEPUTACIÓN CÓRDOBA	1	1						
EUSKADI	7	8	1					
LA RIOJA		1						
VALENCIA				1				
ASTURIAS	6	4	4					
BALEARES								
MADRID	5	4	1			1		
CASTELA-LA MANCHA		8						
TOLEDO IGLESUELA								
CASTELA LEÓN		2				2		
CATALUÑA	5		3					
EXTREMADURA		4	1					
CONCELLO BADAJOZ								
NAVARRA	3	2				1		
ARAGÓN	5	2				1		
ANDORRA		2	1					
CANTABRIA	4	2						
MURCIA	5	4	3					

PORTUGAL	10	1						1
FRANCIA				2				
ITALIA				2				
TOTAL	51	46	14	9	6	12	75	1

b.2.7. Funcionamento do dispositivo

- Datos referidos aos períodos anterior e posterior á vaga de incendios

Os datos técnicos achegados ofrecen os seguintes datos referidos á efectividade do dispositivo no que ten que ver coa superficie queimada, nos que se aprecia que no período anterior e posterior á vaga de incendios de agosto a superficie queimada foi moi inferior ás medias de anos anteriores:

PERÍODO	MEDIA 2000-2005	MEDIA 1995-2005	ANO 2006
01/01 ata 03/08	13.169 ha	13.784 ha	9.696 ha
16/08 ata 30/09	14.214 ha	13.644 ha	4.544 ha

Os datos referidos ás medias de superficie queimadas por incendio son os seguintes:

ANO	N.º de incendios		Hectáreas queimadas		Superficie media incendio	
	2005	2006	2005	2006	2005	2006
01/01 ata 03/08	7.164	4.163	14.047	9.696	4,8 ha	2,3 ha
16/08 ata 20/09	2.608	810	32.372	4.437	12,4 ha	5,47 ha

Datos referidos aos tempos de reacción:

ANO	TEMPO REACCIÓN EN MINUTOS
2001	24
2002	24
2003	22
2004	24
2005	22
MEDIA 2001-2005	23
2006	22

- Datos referidos ao período do 4 ao 15 de agosto

Durante a vaga de incendios dos días 4 ao 15 de agosto mantivéronse os tempos de reacción ao redor da media en Lugo e Ourense, con 23 e 21 minutos respectivamente, e incrementáronse na Coruña e Pontevedra a 30 e 29 minutos respectivamente, quedando a media de Galicia en 25 minutos.

Durante este período en 2.055 incendios arderon 77.772 ha. As causas da magnitude da superficie queimada, segundo as manifestacións dos comparecentes, están relacionadas cos seguintes factores:

- A prioridade do dispositivo de extinción fixouse na protección das persoas, das vivendas, urbanizacións e núcleos de poboación e das instalacións e infraestruturas non forestais, o cal obrigou a deixar en segundo plano a atención ao lume no monte.
- A proliferación dos chamados incendios “escapate” e de múltiples incendios e focos simultáneos coa finalidade de provocar un efecto de distracción dos medios.
- A confluencia do que os expertos chaman os 3 ou 4 factores 30: temperaturas superiores a 30 ° C, ventos de 30 km/h, humidade relativa inferior ao 30 % e que os

incendios se producen en terreos de máis dun 30 % de pendente, que se produciu na primeira quincena de agosto e dificulta o ataque directo ao lume e polo tanto a súa extinción.

- A existencia de gran cantidade de biomasa residual e mesmo a súa presenza en pistas que actúan como combustible que favorece a expansión do lume.

Das manifestacións dos comparecentes dedúcense as seguintes disfuncións no funcionamento do dispositivo:

- Relacionadas coa súa estrutura: a existencia de brigadas dependentes doutras administracións dificulta a súa coordinación e o seu funcionamento dentro do mando do operativo. Tense evidenciado que as brigadas municipais ao seren contratadas polo concello obedecen en maior grao as instrucións dos alcaldes que dos xefes de distrito ou funcionarios ao mando dos incendios. O mesmo ocorre coa posta á disposición dos medios materiais que foran obxecto de convenio.
 - A falta de adecuación do dispositivo á nova tipoloxía de incendios que se produciron durante a crise.
 - Deficiencias nalgúns casos da coordinación dos medios humanos e materiais froito do grande número de incendios aos que había que facer fronte simultaneamente, así como a necesidade de ter que coordinar unha elevada cantidade de medios achegados por outras administracións.
 - A excesiva carga de traballo e estrés que sufriu o persoal integrante do dispositivo.
 - A obsolescencia dos medios materiais cos que nalgúns casos conta o persoal para facer as súas funcións.
 - Nalgúns casos nos que, como consecuencia de concurso de traslados, houbo cambios de destino de axentes forestais, a falta de coñecemento do territorio afectou o desenvolvemento do seu traballo.
- Situación laboral do persoal involucrado

En relación cos efectivos que participaron no proceso de extinción, uns 4.700 traballadores que prestan servizo no dispositivo habitual de incendios, no que se denomina Infoga, trátase de persoal formado por distintas categorías laborais e con relación laboral de fixos e contratados temporais.

O persoal contratado con carácter laboral temporal contratouse de acordo coas previsións da normativa galega en materia de contratacións temporais ao servizo da administración pública. Unha contratación, polo tanto, que segue os mesmos procedementos habituais, agás nos casos en que así está previsto na propia normativa.

Débese subliñar que, fronte a algúns comentarios relativos á exclusión de persoas para traballar nos operativos por non acreditar o nivel de galego, trátase dun requisito imprescindible en Galicia desde 1993 para traballar na administración pública, aínda que sexa de maneira temporal.

Segundo os datos da Consellería de Presidencia proporcionados a esta Comisión, este requisito, mesmo nas categorías de menor cualificación, é cumprido polo 93 % de todas as solicitudes presentadas, e noutras categorías de maior cualificación, cúmprense o 100 % das solicitudes. En todo caso, a existencia de persoas que non acreditaban esa cualificación non impediu que non foran cubertas esas prazas solicitadas no seu momento pola Consellería do Medio Rural.

O tempo normal de cobertura de prazas para un posto na administración pública cumpriuse dun xeito razoable, de forma que nun prazo inferior a tres meses foron resoltas todas as convocatorias, a

pesar da súa complexidade, tendo en conta a apelación que tivo que facerse nalgúns momentos ás listas do Servizo Galego de Emprego por esgotárense absolutamente as listas de prescrición para emprego temporal.

CONCLUSIÓNS:

1. O operativo de loita contra incendios estivo claramente ante unha situación excepcional e non previsible. Deste xeito a extinción dos incendios viuse extraordinariamente complicada, converténdose por primeira vez, máis que en incendios forestais, nunha ameaza á protección civil do país.
2. Os medios humanos e materiais que integraban o dispositivo de prevención e extinción de incendios para o ano 2006 eran esencialmente os mesmos que os de campañas anteriores. Non se produciu ningunha modificación no que é a conformación e número de efectivos da súa columna vertebral que son os medios propios.
3. No que atinxe aos medios obxecto de convenio, produciuse unha racionalización destes baseándose na distribución das brigadas no territorio de xeito que garantan isócronas de resposta e tendo en conta informes dos técnicos de anos anteriores referidos ás deficiencias do seu funcionamento e de incremento doutros dispositivos —maquinaria pesada, cisternas, tractores-rozadoras, etc.— e de medidas preventivas.
4. Froito desa racionalización produciuse unha redución de 73 brigadas de extinción ofertadas aos concellos. A estes ofrecéuselles asinar outros convenios para contratar traballos de prevención, ofertándose 302, das que só se constituíron 105.
5. Producíronse renuncias a asinar convenios por parte dos concellos aos que se lles ofertou no seguinte número: brigadas 44, traballos preventivos 97 e motobombas 24, ademais dalgún atraso na constitución destes medios.
6. Das comparecencias dos técnicos, asociacións profesionais dos traballadores do SPDCIF, axentes forestais, organizacións sindicais e outras organizacións, dedúcese que esta redución no número de brigadas non tivo ningunha influencia no resultado final xa que non teñen capacidade de ataque directo ao lume, senón que as súas funcións son de auxilio.
7. Todos os medios estaban plenamente dispoñibles e operativos antes de iniciarse a crise incendiaria o día 4 de agosto.
8. As persoas ao mando do operativo no seu mando central son os mesmos funcionarios que en anos anteriores. A nivel provincial e de distritos producíronse relevos por diferentes circunstancias pero as persoas nomeadas son todas funcionarios, técnicos e axentes forestais, cunha ampla experiencia no dispositivo e de mando. Como consecuencia de decisións políticas só se produciron relevos nos cargos estritamente políticos.
9. A contratación de persoal laboral temporal para a cobertura das necesidades do SPDCIF realizouse consonte a normativa que para esta materia rexe na función pública galega, tanto no referido aos requisitos de acceso como aos prazos nos que se realizou.
10. A activación dos protocolos para a achega de medios extraordinarios fíxose con rapidez e axilidade, o propio día 4, chegando os primeiros medios extraordinarios o día 5.
11. Produciuse unha achega de medios humanos e materiais por parte do Estado, comunidades autónomas, concellos e outros estados da UE e de fóra desta nunha cantidade extraordinaria, como nunca antes se producira. Achegáronse 1.039 profesionais, 27 medios aéreos e 187 medios terrestres.

12. Estes medios foron determinantes para que o día 15 de agosto á noite, antes da chuvia, estiveran controlados a totalidade dos incendios e polo tanto para que a magnitude da catástrofe non fose maior.

13. O dispositivo, fóra do período de crise, tivo un funcionamento e uns resultados óptimos, mesmo mellores que en anos anteriores no que se refire a número de hectáreas queimadas, hectáreas/incendio e tempo de reacción, no período anterior e posterior á crise da primeira quincena de agosto.

14. Durante a vaga de incendios detectáronse disfuncións no dispositivo relacionadas coa súa propia estrutura, coa saturación, coa non concepción para atallar a nova tipoloxía de incendios e problemas de coordinación como consecuencia do grande número de incendios, do estrés, de cambios de destino dalgúns axentes forestais como consecuencia do concurso de traslados e da obsolescencia dos seus medios.

15. Téñense detectado defectos de funcionamento inherentes ao propio operativo; resumidamente pódense expresar nos puntos seguintes: inexistencia de reunións de coordinación dos distintos medios que interveñen en cada distrito forestal, cada colectivo usa unha terminoloxía distinta, cada colectivo (bombeiros, brigadas forestais, protección civil...) usa as súas propias comunicacións, incompatibles unhas con outras, non está establecido un sistema capaz de expandirse ou contraerse de acordo coa situación da emerxencia, non existen plans de acción consolidados e non se establecen instalacións auxiliares para a dirección de emerxencias no caso de grandes incendios.

16. Destes datos a respecto do dispositivo despréndese a necesidade de tender a unha maior profesionalización deste, incrementando a súa formación específica tanto no ámbito da prevención e loita contra os incendios como no ámbito da prevención de riscos laborais, e realizar unha reformulación das brigadas municipais para incrementar a súa efectividade e integración no dispositivo.

17. Igualmente é preciso mellorar os medios materiais dos que dispón o dispositivo así como os seus equipos de traballo e de defensa persoal.

18. De todos os datos achegados e das intervencións dos técnicos e organizacións profesionais e sindicais dedúcese que o funcionamento do dispositivo foi similar ao de anos anteriores; o que foi diferente foi a intensidade e a tipoloxía dos incendios.

19. Non se adoptou ningunha decisión política que tivera incidencia no funcionamento do dispositivo, polo que non cabe deducir ningún tipo de responsabilidade política.

b.2.8. Coordinación entre as diferentes administracións

- Coa Administración do Estado

Antes do inicio da campaña iniciouse a coordinación entre a Administración xeral do Estado e o Goberno da Xunta e constituíuse o Comité Galego contra os Incendios.

Desde abril o Comité de coordinación policial tiña establecido un dispositivo integrado por 122 axentes da Garda Civil, 17 do Corpo Nacional de Policía (para o contorno das cidades) e 117 da Unidade Adscrita do Corpo Nacional da Policía á Comunidade Autónoma de Galicia para realizar as súas funcións de vixilancia nas parroquias nas que existe unha maior probabilidade de que se produzan incendios baseándose nos datos históricos, en total 256 parroquias en zonas de especial risco (ZER).

Igualmente os medios do Ministerio de Medio Ambiente para a extinción de incendios estaban despregados en Galicia.

Durante a crise producíronse as seguintes achegas de medios extraordinarias:

- Do Ministerio de Medio Ambiente: os que figuran no apartado b.2.6. A primeira achega extraordinaria produciuse xa o día 5 e incrementouse nos días 6, 7 e 8 de agosto ata completarse o día 10.
- Do Ministerio do Interior: a Garda Civil incrementou os seus efectivos con 193 persoas de apoio uníndose 33 membros do Seprona aos xa existentes desde o día 4 de agosto. O día 7 de agosto, a Dirección Xeral da Garda Civil destina un equipo ECO (equipo do crime organizado) integrado por 15 axentes que se dedican en exclusiva á investigación en colaboración coa UCO e refórzase a vixilancia cun escuadrón de cabalaría e de aviación. O 8 de agosto destínase un módulo de intervención rápida a Pontevedra e á Coruña.
O Corpo Nacional de Policía destina 283 axentes en exclusiva á loita contra incendios, máis 3 helicópteros con base en Vigo.
- Do Ministerio de Defensa: o 6 de agosto o Exército incorpórase a labores de protección e evacuación. O día 8 de agosto ponse en marcha a “Operación bruxa” con 1.200 efectivos destinados á Coruña e a Pontevedra, ademais de especialistas do corpo de enxeñeiros. O día 12 de agosto incorpóranse outros 400 efectivos a labores de vixilancia no marco da “Operación sentinela”. En total interviñeron 1.993 militares, 293 vehículos e maquinaria pesada e 8 helicópteros.
- Do Ministerio de Fomento: participación de AENA cun equipo de 26 bombeiros e dúas motobombas.

CONCLUSIÓNS:

1. Dedúcese unha áxil activación por parte da Xunta de Galicia da solicitude de axuda e igual resposta por parte da Administración do Estado na activación dos protocolos de colaboración.
2. Os medios achegados pola Administración do Estado foron numerosos, nunha cantidade sen precedentes.
3. Os medios humanos e materiais despregados xunto coa sensación de vixilancia foron decisivos para que o día 15 de agosto pola noite, mesmo antes das chuvias, estiveran controlados todos os lumes.
4. En todo momento a coordinación e colaboración entre a Administración galega e a do Estado foi a óptima para favorecer a colaboración e a optimización dos recursos.

- Coa Administración local

No ámbito da coordinación e colaboración entre o Goberno galego e a Administración local a tónica xeral foi a de colaboración e correcta coordinación entre ambas. No que se refire a algúns concellos concretos téñense posto de manifesto en numerosas comparecencias diversas disfuncións, se ben no que se evidenciaron contradicións, entre algúns representantes municipais e representantes da Administración autonómica, foi a respecto das responsabilidades destas disfuncións.

Por parte da Consellería do Medio Rural achegáronse informes emitidos polos funcionarios do SPDCIF, en concreto polo xefe do Servizo de Organización e Control, de xefes provinciais do Servizo de Incendios e de xefes de distrito nos que se pretende evidenciar disfuncións na colaboración e coordinación por parte dalgúns concellos que teñen que ver na maior parte dos casos co rexeitamento de asinar convenios, coa non posta á disposición de medios obxecto de convenio, coa non asunción por parte dos integrantes das brigadas municipais das instrucións dos funcionarios do distrito e co non respecto ás instrucións dos funcionarios ao mando nos incendios. Nalgún caso illado mesmo se poñen en evidencia actitudes de obstrución ao persoal de extinción, non

respectando as súas instrucións e con ameazas a estes, ao tempo que se incitaba os veciños na súa contra.

Por parte do presidente da Fegamp achegáronse en representacións dalgúns concellos informes emitidos en todos os casos polos propios alcaldes, agás o de Vimianzo, que ademais achega informes doutros alcaldes da comarca, dos integrantes da Grumir e sinaturas de veciños. Na maioría dos casos os alcaldes limitáanse a argumentar as razóns polas que rexeitaron o asinamento dos convenios e noutros a desmentir os informes dos funcionarios do SPDCIF.

CONCLUSIÓNS:

1. Con carácter xeral houbo unha óptima colaboración entre a Administración local e a da Xunta de Galicia e unha aceptable coordinación dos medios.
2. Dos informes técnicos dos funcionarios do SPDCIF despréndense disfuncións consistentes na falta de colaboración dalgúns concellos ao rexeitaren o asinamento de convenios, na posta á disposición do servizo dos medios obxecto de convenio, na falta de asunción por parte dos integrantes das brigadas municipais do mando dos funcionarios do servizo e a disposición por parte dos alcaldes dos medios sen comunicar co distrito e á marxe deste.
3. Nalgún caso illado producíronse incidentes de maior gravidade nos que ademais houbo unha clara obstrución aos integrantes do dispositivo no desenvolvemento do seu traballo.

c) En relación coas investigacións policiais e coa detención e posta á disposición xudicial dos detidos

Os efectivos destinados á investigación policial dos incendios forestais foron os seguintes:

- Da Garda Civil: todas as unidades territoriais da Garda Civil recibiron instrucións o 4 de agosto para orientar a actividade dos seus servizos ordinarios a previr e evitar os efectos dos incendios e as unidades do Seprona intensificaron os seus labores dedicándoos en exclusiva aos incendios. A partir do 7 de agosto incorporáronse 15 compoñentes do Equipo contra o Crime Organizado (ECO), 5 operativos da Unidade Central Operativa (UCO) e 89 efectivos do Servizo de Información da Zona de Galicia en quefaceres de obtención, elaboración e difusión de información relacionada cos incendios co obxectivo de aplicar todas as técnicas e procedementos especializados de investigación.
- O Corpo Nacional de Policía, a pesar de non ter encomendada nas súas funcións a persecución dos incendiarios, efectuou un importante labor tanto con efectivos propios e ordinarios da Brigada de Seguridade Cidadá da Xefatura Superior de Policía de Galicia e da 8.^a UIP como con efectivos extraordinarios procedentes das xefaturas superiores de policía de Valencia, Castela-León e Castela-La Mancha, da 1.^a UIP de Madrid e da 2.^a UIP de Barcelona, cun total de 283 efectivos.

Nas comparecencias realizadas a este respecto constátase que a proba básica no delito de incendio é e foi tradicionalmente a proba persoal, a testifical de que vexa ou coñeza datos ou circunstancias que poidan levar á detención dos delincuentes, xa que en función da propia natureza do delito prodúcese a destrución doutros elementos obxectivos e pegadas. Isto fai esencial a colaboración da cidadanía, polo que se deben establecer mecanismos para rachar o círculo de silencio e favorecer a denuncia e a colaboración por parte de quen coñeza datos acerca da autoría dalgún incendio.

O escaso índice de procedementos xudiciais que chegan a xuízo e as poucas condenas que se producen están en relación cos problemas probatorios e co debilitamento da proba testifical ao longo do proceso. Por iso é preciso que os investigadores destinados a estes traballos cumpran os requisitos de coñecemento do medio e preparación específica.

Non existen datos estatísticos sistematizados suficientes que permitan facer afirmacións taxativas acerca da porcentaxe de intencionalidade fronte a descoidos, dentro destes cantos son imprudencias e cantos neglixencia, cal é a motivación última ou inmediata daqueles que os provocan intencionadamente. O número de detencións practicadas, moi reducidas en relación co número total de incendios e polo tanto de presuntos delitos, tamén é un obstáculo para a sistematización de datos e para poder extraer destes hipóteses conclusivas acerca das motivacións, grao de organización, etc., dos delinquentes incendiarios.

Isto, xunto coa demora desde que se producen as detencións ata que se produce, se é o caso, a condena firme do delincente, contribúe a crear unha conciencia ou sensación de impiedade en relación con este tipo de delitos.

Durante a vaga de incendios ocorridos entre o 4 e 15 de agosto ou en relación con estes producíronse as seguintes detencións:

DETIDOS	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL	PRIVACIÓN LIBERDADE
Garda Civil 4-15 agosto	12	6	12	27	57	15
Garda Civil Todo ano	40	9	26	49	124	20
Policías 4-15 agosto	9		8	1	18	6
Policías Todo ano	16			28	48	

Tanto en termos absolutos como relativos hai un incremento significativo no número de detencións practicadas ao longo do ano 2006 e especialmente en relación coa vaga de agosto.

Os perfís estatísticos son os seguintes:

Sexo: 90 % homes e 10 % mulleres

Idade: Menores de idade, o 3 %

De 18 a 45 anos, o 44 % (sendo o intervalo máis numeroso de 30 a 35 anos)

Entre 45 e 65 anos, o 33 %

Máis de 65 anos, o 21%

Destas detencións, sen poder establecer conclusións categóricas, dedúcense os seguintes datos:

- As persoas detidas actúan con frecuencia no concello da súa residencia ou procedencia e nos límites.
- Só no caso de dúas das persoas detidas constan antecedentes por delito de incendio forestal.
- Das investigacións realizadas consta un caso de actuación conxunta de tres persoas e catro casos nos que actuaban dúas persoas.
- Non se puideron establecer máis casos de relación entre os diferentes implicados.

CONCLUSIÓN:

1. Sensación de impunidad a respecto dos autores de delitos de incendio forestal polo reducido número de detencións e porque só unha mínima parte destas dan lugar a procesamento e condena.
2. Dificultades na consecución de probas materiais pola propia natureza do delito, o que obriga a basear toda a investigación en probas indiciarias e en testemuños de persoas que poidan achegar algún dato.
3. Necesidade de maior colaboración cidadá, tanto na denuncia como á hora de facilitar información. Para fomentar a colaboración é necesario realizar sensibilización social e facilitar o anonimato das testemuñas.
4. Dificultades para establecer as motivacións últimas dos autores dos incendios.
5. Ausencia de bases de datos estatísticos sistematizados relativos ao grao de intencionalidade, motivacións...
6. Necesidade de implementar un maior dispositivo disuasorio e de investigación para a detención dos incendiarios e mellorar os medios para a consecución de probas que permitan ditar sentenzas condenatorias.

d) Protección Civil

d.1. Achegas de Protección Civil de Galicia

Segundo o establecido no Plan Infoga 2006 antes do 15 de xuño constituíronse os comités de coordinación provincial definidos no Platerga nos que se presentan os protocolos de actuación que por primeira vez se establecen en Galicia.

A intervención de Protección Civil de Galicia durante a crise incendiaria da primeira quincena de agosto estableceuse nos seguintes ámbitos:

- Xestión das chamadas de emerxencia e mobilización dos recursos correspondentes a través da central 112-Galicia.
- A coordinación e mobilización dos bombeiros das sete grandes cidades e dos parques comarcais dos consorcios de entidades locais, que aproximadamente participaron en 1.000 intervencións, Policía autonómica, e enlace de dispositivos de reforzo de protección de persoas do Ministerio de Defensa e dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, encadrados desde a Delegación de Goberno de Galicia.
- Canalización das axudas en colaboración coa Subsecretaría do Ministerio do Interior e da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias.
- A través da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias do Ministerio canalízase a activación do mecanismo europeo de protección civil así como a colaboración de terceiros estados (Andorra e Marrocos) e do resto das comunidades autónomas do Estado.
- Coordinar as agrupacións locais de voluntarios de protección civil (64 agrupacións con máis de 2.800 voluntarios) como forzas auxiliares e de apoio aos axentes de extinción, loxística, tráfico e información. Ademais as agrupacións serviron para coordinar a incorporación do voluntariado captado pola Vicepresidencia da Xunta a través da Dirección Xeral de Xuventude, para o cal se realizou un protocolo para canalizar esta colaboración.
- Debido ao alto número de incidencias próximas a vivendas producíronse 35 desaloxos preventivos en 34 concellos, dos cales en dous casos (Muros e Rianxo) chégase a evacuar persoas por unha noite. A pesar de rexistrarse numerosos incendios próximos a gasoleiras en ningún caso ardeu ningunha destas.

d.2. Funcionamento do Centro de Atención de Emerxencias 112-Galicia

O Centro de Atención de Emerxencias 112-Galicia, ademais de central receptora de chamadas, actúa como centro de despacho de emerxencias, é dicir, que logo dunha chamada é necesario realizar outras tantas para mobilizar os recursos.

Entre os días 4 e 15 de agosto de 2006 no Centro de Atención de Emerxencias 112-Galicia foron atendidas/recibidas un total de 58.495 chamadas e foron xestionadas un total de 10.324 incidencias, o que supón unha ratio do 18 % de intervencións respecto das chamadas, cando fóra deste período a ratio de intervencións neste ano foi dun 8,7 %, cunha mobilización de 879 recursos en 8.500 ocasións.

Durante a vaga de lumes atendéronse unha media de 4.500 chamadas por día, acadándose picos de 5.783 chamadas nun día, xestionándose unha media de 794 intervencións/día, con picos de 911 intervencións nun día. Neste período produciuse un incremento dun 51,51 % na xestión de intervencións.

Do total de chamadas atendidas durante a vaga de lumes un 48,98 % foron chamadas improcedentes, sendo o habitual en situacións ordinarias que estas sexan un 86 %. É importante sinalar que os días de menor incidencia de chamadas improcedentes ou maliciosas foron os día 7 e 8 de agosto, que foron os días de máxima xestión de incidencias.

O tempo medio de resposta das chamadas estivo nunha media de 2,26 segundos desde que entra a chamada na aplicación ata que esta é atendida polo operador e o tempo medio de xestión das chamadas foi de 40 segundos de media. As chamadas emitidas polos operadores para a mobilización dos medios e recursos implicaron unha media de 54,36 segundos.

Para facer fronte a esta demanda excepcional adóptanse as seguintes medidas:

- Ampliación do número de postos informáticos para reducir o número de chamadas en cola
- Cambios no protocolo de xestión de chamada, derivando a outros centros as que non atinxen a incendios.
- Incrementar o número de operadores nun 150 % na quenda de mañá e nun 200 % nas de tarde e noite
- Incrementar o número de informáticos e manter a súa presenza as 24 horas.
- Implementar apoio técnico administrativo con presenza as 24 horas.

Durante a crise detectáronse as seguintes deficiencias no sistema:

- Necesidade de ampliar a capacidade do sistema informático e soporte tecnolóxico do 112 ante a saturación de chamadas entrantes.
- Limitacións relacionadas con que algúns servizos non contan co radio *trunking* senón emisoras convencionais, o cal dificulta as comunicacións.

CONCLUSIÓNS:

O Centro de Atención a Emerxencias 112-Galicia non estaba concibido para situacións extremas como as que se produciron durante a crise de agosto, nin pola súa dotación de persoal nin polo seu soporte técnico e informático.

- e) En relación coa creación do Voluntariado en Defensa do Monte Galego

A creación do Voluntariado en Defensa do Monte Galego non foi unha decisión unilateral da Dirección Xeral de Xuventude senón en coordinación coa Consellería do Medio Rural. Naceu coa vocación de favorecer a participación que durante a crise manifestou a cidadanía, sen menoscabo da necesidade de profesionalización do persoal que intervéñen na extinción dos incendios e da salvagarda da seguridade e integridade do voluntariado e fuxindo da súa concepción como substitución de man de obra, poñendo unha gran énfase no obxectivo de sensibilizar e educar a cidadanía no coñecemento do medio rural e do seu valor xa que esta é unha das grandes batallas para vencer ao lume.

O Voluntariado en Defensa do Monte Galego créase cos seguintes obxectivos: participación en labores de vixilancia do monte dándolle a esta un carácter preventivo e de disuasión, colaboración de labores de intendencia e para atender as necesidades dos profesionais desprazados ao noso país e rexeneración e recuperación do monte.

Ata o día 30 de setembro recibíronse no teléfono en defensa do monte galego máis de 10.000 chamadas, que deron como resultado a inscrición como voluntarios e voluntarias de 6.030 persoas, para as cales se subscribiu un seguro de responsabilidade civil.

CONCLUSIÓNS:

1. O Voluntariado en Defensa do Monte Galego é un instrumento adecuado para canalizar a necesidade de participación da cidadanía e un bo elemento para a sensibilización e educación no coñecemento do medio rural e do seu valor.
2. Evidénciase a necesidade de fomentar a colaboración con todo tipo de asociacións e entidades para que sexan quen de favorecer unha rede de participación en defensa do monte galego aproveitando a experiencia adquirida durante a crise deste verán.
3. Nunca debe ser un substituto do traballo profesionalizado.
4. A súa permanencia futura podería contribuír ademais no ámbito da vixilancia disuasoria e da recuperación e rexeneración do monte.

2. Análise das consecuencias dos incendios forestais

1. INTRODUCCIÓN

Segundo se desprende das distintas comparecencias na Comisión, así como dos distintos informes achegados a esta, resulta moi complicado separar as distintas consecuencias derivadas da proliferación en Galicia durante as últimas décadas de incendios forestais. As consecuencias de carácter ambiental repercuten de xeito claro nos aspectos socioeconómicos, e estes teñen unha enorme incidencia nas consecuencias ambientais derivadas da permanencia no tempo dun modelo de xestión do monte asociado estruturalmente a un elevado número de lumes, que arrasano ano tras ano miles de hectáreas de superficie forestal.

A clasificación das consecuencias dos incendios en dúas categorías baséase na necesidade de sistematizalas, co obxecto de poder derivar delas conclusións que permitan propoñer medidas de actuación de cara ao futuro.

2. CONSECUENCIAS XERAIS DOS INCENDIOS FORESTAIS

Entendemos por consecuencias xerais dos incendios forestais aquelas que se deben á existencia e propagación dun lume no monte independentemente do lugar no que se produce, afectando, polo

tanto, a aspectos relacionados coa incidencia no medio ambiente e as consecuencias no sector agroforestal, provocando perdas ecolóxicas que teñen un elevado valor social e unha deterioración que ten consecuencias directas sobre moitos sectores económicos. Así, os incendios supoñen unha grave agresión ambiental que provoca efectos ás veces irreversibles.

2.1. CONSECUENCIAS AMBIENTAIS

2.1.1. No curto prazo

a) Na zona queimada:

Resultaron afectados polo lume deste ano 25 tipos de hábitats, dos cales 8 son tipificados como prioritarios, do conxunto dos espazos naturais protexidos de Galicia, incluída a Rede Natura 2000.

Os espazos resultaron afectados en diferente intensidade. Por exemplo, algúns quedaron expostos a perturbacións negativas que:

- Poden contribuír no tempo a incrementar factores de risco ambiental.
- Poden ser responsables do desencadeamento de procesos de empobrecemento da calidade do ecosistema ou da diversidade.

Ademais, outras áreas naturais non catalogadas como espazos naturais protexidos e suxeitos a medidas de protección xenérica, pero de gran interese ecolóxico, resultaron danadas seriamente.

- Afectación sobre o solo: o lume segue a ser unha das causas principais da erosión dos solos galegos pola forte incidencia que nos últimos corenta anos tiveron os incendios forestais en Galicia. Os estudos realizados pola Universidade de Santiago de Compostela e o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán evidenciaron este fenómeno, así como os diferentes factores que inciden nel.

En primeiro lugar, o factor principal que controla a erosión dos solos xerada polos lumes é a vexetación que o cobre e protexe, de tal xeito que se pode establecer unha boa relación entre a desaparición de vexetación e a incidencia da erosión.

Así mesmo, o ritmo de recuperación da vexetación, que no caso do mato galego ten un ciclo de 4-5 anos, pode controlar o ritmo da erosión. Outros factores, xa de menor importancia, serían o grao de destrución de materia orgánica do solo e a hidrofobia á que pode dar orixe, que afectarían, respectivamente, a resistencia do solo, a erosión e a xénese de escoamentos superficiais.

De todos os xeitos, aínda que a erosión pode ser moi intensa, a capacidade de recuperación dos solos galegos fai que ao cabo de 4-5 anos, na medida en que se rexenera a cobertura vexetal, o solo volva a unha situación semellante á inicial, polo que o efecto do lume sobre o solo, considerados os espazos de tempo nos que se desenvolven os ecosistemas forestais (da orde de decenas e mesmo centenas de anos), tería pouca significación.

Mais a realidade galega amosa que a reiteración de lumes sobre a mesma zona, podendo acadarse frecuencias dun lume cada 2-5 anos, fai que a capacidade de recuperación dos solos se vexa colapsada por unha incidencia excesiva dos lumes. Polo tanto, a maior perda de solo como consecuencia dos incendios forestais prodúcese pola imposibilidade de rexeneración natural deles debida á proliferación de lumes sobre a mesma superficie de monte.

- Afectación sobre a vexetación: depende da intensidade do lume así como da súa localización (copas, solo ou subsolo), da súa frecuencia, da estación na que se produce e do tipo de vexetación. En relación coa súa localización, os lumes das copas son os que destrúen en xeral a vexetación arbórea fronte aos do solo, que destrúen o mato e poden deixar vivas as árbores. Por outro lado, os de finais do verán son máis prexudiciais que os de comezos, pois a vexetación está máis seca e son máis virulentos.

Unha das propiedades máis importantes da vexetación en relación co dano provocado por un lume é a súa capacidade de supervivencia ou rexeneración. Ao igual que sucedía no caso do solo, a frecuencia dos incendios é un factor determinante en relación coa sucesión vexetal. Se o ritmo de reincidencia dos lumes é baixo, 50 anos, a sucesión vexetal dun ecosistema como unha carballeira pode desenvolverse sen problemas e establécense con regularidade os diferentes estratos e compoñentes desta. Pero se a frecuencia é menor, como no caso galego, reconstitúense parcialmente e cunha deriva cara a especies máis resistentes ao lume (toxo, piñeiro, eucalipto...), de tal xeito que, con ritmos inferiores aos 5 anos, a única comunidade que se pode rexenerar é o mato.

A enorme frecuencia dos lumes forestais en Galicia está a provocar unha grave perda de ecosistemas autóctonos e a súa substitución por ecosistemas dominados por especies alóctonas e pirófitas, que agrava aínda máis as consecuencias sobre o medio ambiente das plantacións con estas especies que sufrimos nas últimas décadas na Galicia. Neste punto é moi difícil separar a causa do efecto, xa que se retroalimentan de xeito continuado nos últimos anos. Outro efecto sobre a vexetación que se provoca no lugar no que se produce o lume é a posible desaparición de especies vexetais endémicas, coa perda, nalgúns casos irrecuperable, de biodiversidade que isto provoca.

A recuperación dunha zona queimada está moi condicionada pola evolución da vexetación, polo seu efecto protector do solo e pola dependencia que dela ten a fauna.

- Afectacións sobre a fauna: as distintas especies teñen comportamentos distintos, no lugar afectado polo lume; unhas especies desaparecen do lugar incendiado e outras propias de espazos abertos aparecen despois dun incendio. Algunhas especies, como insectos, anfíbios ou réptiles ao ser alterado o seu hábitat experimentan importantes cambios na súa frecuencia, chegando mesmo a desaparecer.

Mortalidade directa: por queima ou por asfixia. É maior canto máis intenso é o lume e canto máis rapidamente avanza. Os animais máis afectados son os que teñen máis problemas para fuxir do lume: insectos, algúns invertebrados, mamíferos pequenos e réptiles. Tamén os grandes vertebrados con problemas para fuxir debido a valados, tanto gandeiros como cinxéticos: cabalos, xabarís, lobos.

Mortalidade indirecta: destrúense recursos e hábitats dos que depende a fauna para a súa supervivencia. As especies teñen que emigrar a áreas non queimadas debido á destrución dos hábitats e á perda dos recursos alimenticios, situación que reduce a súa supervivencia. Igualmente inflúen os cambios na fauna producidos despois dun incendio: en primeiro lugar predominan especies características de hábitats abertos e que se aproveitan dos recursos xerados polos lumes e despois estas especies van sendo substituídas por outras, a medida que se recupera a vexetación.

Tamén se producen danos a especies acuáticas, como peixes e anfíbios, ao chegaren sedimentos derivados da erosión do sol ou pola destrución da vexetación de ribeira.

Ademais, os incendios poden ser seguidos da colonización e infestación de pragas e fungos que perturban o equilibrio ecolóxico.

Tendo en conta todos os factores que inciden nos efectos sobre solo, vexetación e fauna dunha zona afectada por un incendio forestal, pódese concluír que o ritmo de rexeneración da vexetación é o factor determinante que controla toda a evolución do ecosistema, xa que tanto o solo (dependente da protección da vexetación) como a fauna (dependente dos biótopos que xera a vexetación) van evolucionar ao ritmo que lle marque a sucesión vexetal.

b) Alén da zona queimada:

- Afectación sobre o ar: os incendios son unha fonte importante de emisión de carbono, contribuíndo ao quentamento global. Este é un dos problemas ambientais de maior relevancia aos que se debe enfrontar Galicia nos próximos anos. Os produtos que afectan o ar en prazos moi curtos van depender da dinámica que adopte o lume e da relación que se estableza entre a duración da fronte e o avance do lume e do remol que este deixa ao seu paso, xa que as emisións van ser diferentes nestas dúas situacións.

Na fronte do lume os produtos emitidos van estar fortemente oxixenados e son do tipo dióxido de carbono, óxido nítrico, dióxido de xofre, óxido nítrico, nitróxeno e partículas. Na zona de poslume os produtos van estar menos oxixenados e serán do tipo monóxido de carbono, metano, hidrocarburos (HPA e outros), amonio, cianuro de hidróxeno, acetónitrilo, cloruro de metilo e partículas con menos contido en carbono que as que emite a fronte de avance.

Destes dous tipos de compostos os máis perigosos para a saúde son os segundos, sendo ben coñecidos os problemas sanitarios que poden sufrir as persoas que traballan nos servizos de extinción. Dos probables efectos a máis longo prazo, de tipo acumulativo, non existen estudos epidemiolóxicos que relacionen de xeito inequívoco estes riscos con danos na poboación humana.

- Afectación sobre a auga: os procesos erosivos aos que dan lugar os incendios forestais poden afectar a calidade da auga, na medida en que o solo que arrastran os escoamentos superficiais chegue a ela.

A afectación á calidade das augas é debida ao efecto mobilizador de nutrientes, como nitróxeno ou fósforo, que provoca o incremento da temperatura do solo que provoca o lume.

Os efectos máis importantes dos lumes son sobre a cantidade de auga, máis que sobre a súa calidade, xa que a perda de vexetación, que reduce a evapotranspiración nas bacías, e a hidrofobia que collen os solos favorecen un incremento do fluxo rápido dos caudais.

Os lumes provocan cambios importantes nas condicións ecolóxicas nos ríos tales como aumento de materia orgánica (as cinzas seguen a ser un fertilizante de acción rápida polo que ocasiona un aumento de nutrientes nas augas fluviais), aumento do risco de eutrofización das augas, aumento da vexetación fluvial, dificultades para a fauna e perda de oxíxeno. Por outro lado a terra arrastrada pola chuva chega antes aos ríos e a primeira sedimentación prodúcese nos leitos. As súas consecuencias son a colmatación dos leitos, o aumento dos riscos de inundación dos terreos limítrofes, a colmatación dos encoros e a posta en risco de especies que habitan nestes ríos.

2.1.2. No medio-longo prazo

Como se desprende das consecuencias no curto prazo derivadas dos incendios forestais, destas poden derivar consecuencias ambientais a medio e longo prazo, tanto pola súa persistencia como polas consecuencias da súa reprodución rápida como consecuencia da elevada frecuencia dos

incendios na mesma zona, ou derivadas das transformacións que se producen no medio, de non actuar para impedir que se produzan, provocando cambios nos ecosistemas galegos.

Perda de solo: como consecuencia de repetidos lumes no mesmo espazo, como ocorre en Galicia desde hai décadas, prodúcese cambios no solo debido á erosión, xa que non ten tempo de recuperarse a cuberta vexetal. A enorme capacidade de recuperación do solo galego débese a que o mato galego ten un ciclo de restitución de 4-5 anos. De se produciren os incendios con ciclos de tempo inferiores, hai moitas zonas do país que arden con frecuencias de 2-3 anos ou menos, o que leva á interrupción permanente do ciclo de restitución da cuberta vexetal, provocando grandes problemas de erosión e perda de solo fértil.

Transformación do medio: o distinto comportamento fronte ao lume das diferentes especies vexetais, así como a reincidencia dos incendios, está a provocar unha modificación dos ecosistemas galegos, desaparecendo as masas boscosas de frondosas e avanzando as especies pirófitas (eucalipto, piñeiro, toxo) que substitúen ás autóctonas. Proceso de perda de biodiversidade e de ecosistemas naturais que se vén acrecentado polas repoboacións con monocultivos destas especies.

Desprendemento de gases con efecto global: existen avaliacións a nivel planetario sobre as cantidades de compostos liberados polas combustións de biomasa. Ás cantidades de gases de efecto invernadoiro polos incendios forestais sumáriáselles o efecto doutro tipo de queimas como as sabanas africanas, cunha clara vocación agrícola. Neste caso hai desprendemento de dióxido de carbono e de metano, que representarían respectivamente o 16 % e o 10 % do total emitido. É clara, polo tanto, a relación entre a queima de biomasa e o incremento de gases con efecto sobre o calentamento do planeta. Outros gases, como cloruro e bromuro de metilo, teñen importancia como destrutores da capa de ozono na estratosfera, e que representan no caso do cloruro o 22 % das emisións e no caso dos bromuros o 30 %.

A enorme cantidade de superficie forestal que ten Galicia, 2/3 da nosa superficie nacional, representa un sumidoiro de dióxido de carbono moi importante. Constitúe o sumidoiro de CO₂ máis relevante con que conta o Estado español. Os incendios forestais que se producen en Galicia poden representar un problema de cara a cumprir os obxectivos de Kioto, xa que é precisamente o monte galego unha das maiores garantías coas que conta o Estado para poder dar cumprimento ás cotas de emisión que ten asignadas. Industrias altamente contaminantes, como as pasteiras, aproveítanse deste feito para “cumprir” coas súas obrigas de redución das emisións. Como en moitas outras cuestións, Galicia supón para o Estado español unha fonte de recursos, neste caso como sumidoiro de dióxido de carbono, que non xera no noso país o desenvolvemento económico que debería levar aparelado, pero si sofre as consecuencias derivadas dun sistema forestal ao servizo deses intereses.

2.1.3. CONCLUSIÓN:

Para paliar as consecuencias ambientais derivadas dos incendios forestais é necesario actuar en varias direccións: incrementar as zonas con algún réxime de protección ambiental, imposibilitando así a perda e deterioración de ecosistemas galegos fundamentais, adoptando as medidas de protección e prevención fronte aos incendios forestais máis acaídas a cada zona concreta.

Retirar a madeira queimada de forma planificada e ordenada, de tal xeito que non se provoque, por un exceso de uso de maquinaria pesada, máis danos no solo. Así mesmo a vexetación arbórea serve de protección nas primeiras escorrentías, mentres non é posible a rexeneración da cuberta vexetal que necesita do tempo mínimo imprescindible para que se complete o ciclo das especies de mato e herbáceas.

Así mesmo é necesario adoptar medidas de rexeneración das zonas queimadas, tanto de protección da erosión como de recuperación da cuberta vexetal, cun seguimento acaído da súa evolución, con especial incidencia naquelas zonas cunha elevada frecuencia de lumes nos últimos anos, nas que as consecuencias das perdas de solo fértil son especialmente graves.

2.2. CONSECUENCIAS SOCIOECONÓMICAS

2.2.1. No curto prazo:

No sector agroforestal os incendios forestais teñen unhas consecuencias moi importantes no curto prazo. Foi debido á perda da súa materia prima, a actividade económica máis afectada polos lumes.

A pesar dos acordos acadados na Mesa da Madeira, é evidente que se producen perdas económicas no sector derivadas da necesidade de modificar as previsións de corta. Parte da madeira queimada, este ano 5,5 t, non completou o seu ciclo, non acadando as condicións óptimas para o seu aproveitamento forestal. Ademais arderon 45.000 toneladas de madeira que estaba comprada en pé. Obriga a modificar a planificación e as previsións de investimento para os distintos axentes implicados no uso produtivo do monte. Así mesmo provoca problemas derivados da aparición e proliferación de pragas.

2.2.2. No medio-longo prazo:

Os incendios forestais provocan un grave problema de imposibilidade de planificar acaidamente a explotación do monte, non permiten facer unha previsión de corta a longo prazo, xa que o ritmo dos incendios produce unha alteración nas previsións. Isto está a complicar a xestión do monte por aqueles propietarios, xa sexan comunidades de montes ou privados, que pretenden ter unha xestión responsable do monte, fronte a aqueles integrados nun sistema de explotación forestal baseado no abandono e sobre os que as consecuencias a longo prazo dos incendios teñen menor incidencia, ou se amosaron unha parte fundamental do propio sistema.

Do exposto con anterioridade despréndese a falta de madeira madura, necesaria para obter produtos, aínda que sexa da primeira transformación, cun mínimo de calidade.

A dependencia da proximidade xeográfica da obtención da madeira, así como a debilidade estrutural na que se atopa o sector agroforestal galego, fai que como consecuencia dos incendios forestais continuados se perdan postos de traballo na pequena industria forestal de primeira transformación. Non así na de segunda, xa que a falta de madeira galega de calidade fai que sexa dependente das importacións de madeira de fóra de Galicia.

O sistema forestal galego imposto nas últimas décadas, que leva estruturalmente asociada a proliferación de incendios forestais, está a xerar unha transnacionalización cada vez maior do sector forestal, deixando tanto os prezos da madeira como a planificación produtiva do monte en mans de empresas con intereses alleos aos de Galicia.

Mentres isto ocorre, a industria de segunda transformación ten unha dependencia externa case absoluta, xa que no noso país, a pesar de producir o 50 % da madeira do Estado español, non se produce madeira de calidade.

A repetición sistemática de incendios forestais en Galicia —recordemos a Comisión parlamentaria do ano 87 ou a iniciativa lexislativa popular do ano 89 para a conservación, mellora e desenvolvemento do patrimonio forestal galego— está a provocar unha consecuencia moi dramática nunha parte da sociedade galega así como nos axentes máis responsables do sector, isto é, a desmotivación fronte á necesidade de medidas contundentes de protección e valorización do monte e a asunción da necesidade de convivir con 10.000 incendios forestais cada ano.

Nesta consecuencia, desmotivación e acomodación á convivencia cun elevado número de incendios anuais, contribúe a sensación de impunidade dos incendiarios, provocada polo escaso número de detencións e pola enorme cantidade de incendios que quedan sen esclarecer por parte das forzas de seguridade do Estado.

Unha última consecuencia a medio e longo prazo da proliferación en Galicia de incendios forestais foi o incumprimento do Plan forestal aprobado por unanimidade no Parlamento galego no ano 93. Dedicáronse todos os recursos a extinción, sen dedicar recursos a prevención e á valorización multifuncional do monte, incidindo aínda máis na prolongación dunha situación que se virou estrutural.

2.2.3. CONCLUSIÓNS

As consecuencias socioeconómicas a curto prazo vense paliadas en boa parte polas axudas públicas postas en marcha polo Goberno galego, mais é nas consecuencias a medio e longo prazo nas que se fai imprescindible actuar con contundencia e amplitude de miras, para inverter unha situación que se fai insoportable para unha economía como a galega, necesitada de impulsos nos sectores produtivos básicos como o forestal, medidas que quebre coa dependencia e permitan un desenvolvemento autocentrado do sector.

Para minorar e reparar as consecuencias socioeconómicas dos incendios forestais faise necesaria a adopción de medidas de carácter estrutural que implementen unha nova política agroforestal en Galicia.

Faise necesaria a revisión do Plan forestal, coa elaboración dun novo plan adaptado ás circunstancias actuais e que, sen abandonar a extinción, adopte medidas de protección e prevención fronte aos incendios forestais.

Así mesmo, é necesario reforzar as investigacións dirixidas a aclarar ata as últimas consecuencias a autoría dos incendios, xa que é sabido que a inmensa maioría deles teñen orixe dolosa. Sería necesario que a Policía autonómica contase con plenas competencias para a dirección dos traballos de investigación e a persecución dos incendiarios, xa que se ten constatado que para as forzas de seguridade estatais, así como para os responsables delas, este tipo de delito non é unha prioridade.

3. CONSECUENCIAS DOS INCENDIOS URBANO-FORESTAIS

A nova tipoloxía incendiaria que sufrimos este ano en Galicia fai necesario analizar as consecuencias específicas deste tipo de incendios.

Ao verse afectados moitos núcleos de poboación aparece unha consecuencia nova que é a afectación de propiedades non forestais, xa sexan vivendas ou predios non forestais. O monte que ardeu durante a vaga de lumes de agosto de 2006 está fortemente antropizado, provocándose durante o incendio situacións de perigo que afectaron equipamentos sociais, instalacións industriais e diversas infraestruturas viarias e ferroviarias, así como outro tipo de servizos de subministración (telefonía, electricidade, gas, auga, etc.). Tamén se viu parcialmente afectado o patrimonio arqueolóxico e ecxeográfico de zonas moi importantes do país.

Esta nova tipoloxía incendiaria provocou tamén situacións de perigo para a saúde das persoas, como consecuencia das emisións dos incendios tan próximos aos núcleos de poboación e ás zonas máis habitadas de Galicia.

A enorme alarma social xerada por este mesmo motivo, así como a afectación á proximidade de infraestruturas hostaleiras, tivo un impacto económico no curto prazo sobre o sector turístico, nunha época do ano moi importante. Por mor desta situación os establecementos hoteleiros e as casas e instalacións de turismo rural sufriron cancelacións de reservas ou acurtamento da estada. Se ben foron os espazos de campismo os que sufriron as consecuencias en maior medida, isto agrávase polas eivas de estacionalización que ten un sector turístico como o galego.

A consecuencia máis evidente desta nova tipoloxía urbano-forestal dos incendios de agosto de 2006 é o impacto que tiveron sobre o servizo de extinción de incendios forestais, que se viu

obrigado a atender e protexer as persoas e as súas propiedades non forestais, así como os equipamentos, infraestruturas e instalacións de diverso tipo afectadas, en detrimento da extinción do lume no monte. A enorme cantidade de lumes nun só día, a enorme cantidade de focos por incendio, as horas ás que se producían, a proximidade ás poboacións, así como as condicións meteorolóxicas tremendamente adversas, provocaron o colapso do servizo. Así mesmo, esta nova tipoloxía incendiaria produciu un importante incremento nas chamadas recibidas nos servizos de alerta (085 e 112), ocasionando unha diminución no tempo de resposta e provocando problemas na priorización das saídas dos operativos de extinción.

CONCLUSIÓNS

É necesario introducir modificacións no servizo de extinción de incendios para que poidan dar unha resposta máis acaída a esta nova tipoloxía dos incendios forestais. Cómpre unha maior profesionalización do servizo, así como diferenciar perfectamente aqueles incendios que polas súas características sobardan as competencias profesionais dun servizo de extinción de incendios forestais e adquiren condicións propias de incendios urbanos, cun elevado risco para as persoas e os seus bens.

Así mesmo, dada a afectación tan elevada que nos incendios de agosto de 2006 tiveron as infraestruturas e os núcleos de poboación, sería necesario reconsiderar e redefinir as zonas de alto risco de incendio, xa que zonas que presentaban no pasado unha frecuencia de incendios baixa teñen que ter a partir de agora esta consideración.

A elevada afectación das infraestruturas e das poboacións implica adoptar medidas específicas de protección destas, así como reformular adecuadamente as características delas co obxectivo de rebaixar o risco fronte a un incendio e que estean dotadas das medidas de prevención e protección adecuada. Como primeira medida é necesario que a rede de estradas reciba unha actuación de limpeza e rozadura de gabias coa finalidade de contribuír ás medidas paliativas de loita contra os incendios, o que supoñerá que as estradas asuman tamén un protagonismo como devasas.

4. CONCLUSIÓNS DE CARÁCTER XERAL

Os incendios producidos durante o mes de agosto deste ano, dadas as súas características especiais, produciron un enorme impacto na sociedade galega, que observou a fragilidade e exposición de moitas infraestruturas e poboacións fronte á actividade incendiaria desaforada producida. Provocaron unha reacción sen precedentes de rexeitamento e mobilización social fronte aos delitos dos incendiarios sobre o medio (manifestación de Compostela de 20 de agosto) e xeraron o convencemento na sociedade galega da necesidade de reclamar da Administración galega unha nova política para o noso monte. Demostraron, unha vez máis, a enorme madurez e capacidade de resposta e implicación da sociedade galega cando se lesionan tan gravemente os nosos dereitos colectivos e os nosos recursos produtivos, así como o noso patrimonio natural. É, polo tanto, obriga de todos os poderes públicos dar unha resposta que estea á altura da sociedade galega, adoptando con ambición todas as medidas necesarias dirixidas a evitar que no futuro os incendios forestais sexan unha característica propia do sistema agroforestal imposto en Galicia.

Cómpre facer as modificacións lexislativas necesarias (urbanísticas, de ordenación do territorio, montes, etc.), encamiñadas a romper as causas estruturais dos incendios en Galicia e que ano tras ano arrasaran miles de hectáreas no noso país.

A resposta da sociedade galega fai aconsellable que a administración adopte medidas dirixidas a canalizar e dar resposta acaída á participación social nos traballos de prevención e coidado do noso patrimonio forestal e natural, posibilitando de forma organizada e segura o

voluntariado, como forma directa da sociedade de dar resposta ás necesidades colectivas que temos como pobo.

A importancia que adquiren as medidas de prevención nesta nova tipoloxía de incendios forestais fai imprescindible que se faga un seguimento e control exhaustivo das obrigas de prevención, tanto públicas como privadas.

Ante a enorme actividade incendiaria que padecemos anualmente en Galicia, acrecentada este ano coa nova tipoloxía dos incendios, é necesario mellorar e dotar de máis medios os servizos de predición meteorolóxica. Así mesmo sería conveniente unificar os servizos de alerta cun mando único claro na priorización das intervencións.

Dada a clara función social que ten o monte galego, como parte importante do noso medio e garante dunha calidade de vida adecuada no presente e no futuro, faise necesario incrementar os recursos públicos dirixidos a paliar as consecuencias a longo prazo dos incendios forestais, así como mobilizar os recursos adecuados para que o monte galego poida gozar da posición central que lle corresponde como parte fundamental do modelo tradicional de asentamento e ordenación da poboación na nosa nación.

3. Análise das causas estruturais da proliferación dos incendios forestais en Galicia

3.1. Consideracións previas

Das comparecencias que se produciron ao longo dos traballos da Comisión hai unha gran coincidencia en caracterizar os incendios como un problema estrutural que se produce na nosa nación de forma recorrente ao longo das últimas décadas, e tamén existe coincidencia en evidenciar que a crise incendiaria que se produciu neste mes de agosto constitúe unha situación excepcional pola súa intensidade e que responde a unha nova tipoloxía incendiaria.

Os incendios son un problema permanente nos últimos 35-40 anos na nosa nación, con medidas que foron medrando ano tras ano, a pesar de que nos últimos quince anos se dedicaron cada vez máis recursos á política de extinción. Pódese afirmar que dos 200.000 incendios de media anual que se producen na Unión Europea o 40 % o son no Estado español e destes as 2/3 partes en Galicia. Estes datos dan a medida da dimensión do problema en relación co noso contorno.

Unha característica dos incendios na nosa nación é a súa elevada intencionalidade. Dos datos estatísticos existentes despréndese que só unha pequena parte destes son orixinados por descoidos e que a taxa de intencionalidade é moi superior á que se dá no Estado ou no norte de Portugal.

Outra característica definitoria da problemática incendiaria é que a súa causalidade última ou desencadeante non é estable ao longo do tempo.

Polo que atinxe ás causas dos incendios forestais, pódese deducir a existencia de causas estruturais que podemos definir como os factores de fondo ou subxacentes pero que ningunha constitúe unha causa inmediata da aparición dos incendios forestais e as causas inmediatas.

3.2. Aproximación xeral

A superficie de Galicia é de 2.947.667 hectáreas. Desta, preto de 2.000.000 de hectáreas teñen a consideración de superficie forestal, o que significa o 67,84 %.

Todo este espazo está sementado de pequenos núcleos de poboación, e de novas urbanizacións e vivendas diseminadas, que conforman os máis de trinta e tres mil asentamentos humanos existentes

no conxunto do territorio que constitúen os 315 concellos existentes e que supoñen o 50 % de todos os núcleos de poboación española.

A maior parte dos municipios galegos (202 dos 315) poden considerarse municipios rurais, xa que máis do 15 % da súa poboación ocupada traballa no sector agrogandeiro e forestal. Se ben a superficie dos municipios rurais supón o 72,8 % do total de Galicia, a súa poboación escasamente supera o 27 %.

De acordo cos datos do IGE e do INE, no período 1996-2001 Galicia perdeu o 3,9 % da súa poboación. Neste mesmo período a mingua nos concellos rurais foi do 22 % cando o medio urbano medrou un 4,6 %. A mingua demográfica non foi uniforme en todas as provincias, xa que na provincia de Ourense acadou a porcentaxe de 38,1 %. Entre 1981 e 2005 a poboación nas comarcas rurais de Galicia mingudou en 220.000 persoas, acadando taxas de -50 % nas comarcas da Fonsagrada, Quiroga, Baixa Limia, Terra de Trives, Terra de Caldelas e Viana.

Paralelo a este proceso de despoboamento, no mesmo período de tempo, prodúcese un avellentamento acelerado xa que o peso da poboación maior de 64 anos supón case o 30 % do total (28,9 %) fronte ao 17,8 % urbano. E, como no punto anterior, existen diferenzas entre as provincias interiores e as costeiras: en Ourense os maiores de 64 representaban o 35,5 %, en Lugo supoñían o 32,1 %. Os concellos ourensáns que tiñan o 40 % da súa poboación ocupada nos subsectores agroforestais e gandeiros acadaban unha poboación maior de 64 anos próxima ao 40 %.

En concepto de renda os habitantes do medio rural galego teñen unha media por ocupado do 40 % da media española e só o 20 % das explotacións son viables baseándose nos ingresos obtidos da actividade. O outro 80 % complementa os seus ingresos cunha ou varias ocupacións externas á explotación e coas achegas das pensións da Seguridade Social.

Ao mesmo tempo a renda global da agricultura galega mingudou nun 20 % no último decenio — mentres que a española se incrementaba nun 25 % no mesmo período— xa que o incremento das producións non foi suficiente para contrarrestar a baixada de prezos. Xunto con isto o emprego caeu en 20 puntos porcentuais na Galicia rural nos últimos quince anos a pesar da fortísima inxección económica que supuxeron os fondos estruturais europeos (1.280 millóns de euros en quince anos), que supuxeron o 40 % dos investimentos e o 60 % das subvencións da Xunta de Galicia en materia de agricultura. A poboación activa no sector agrogandeiro perdeu unha media de 9.400 persoas por ano entre 1997-2001, e unha media de 4.700 explotacións pecharon cada ano no período 1994-2003. Só no sector lácteo o número de explotacións pasou de 67.938 en 1994 ás pouco máis de 15.000 que existen na actualidade. Esta mingua do número de explotación non foi acompañada por transferencias de superficie ás explotacións superviventes, como xa se ten expresado anteriormente.

As explotacións agrarias galegas son as que teñen, de media, a superficie máis reducida por propietario de España, cun tamaño de 1,75 hectáreas. Só as valencianas presentan unha superficie menor (2,83 ha). Xunto con esta escasa dimensión da propiedade, prodúcese unha contracción da superficie cultivada moi significativa: entre 1995-2000 mingudou nun 35,3 % a superficie de cultivo, nun 7,3 % a dedicada a prados e pasteiros e só se produciu medre na superficie forestal (+7,4 %) e as cualificadas como “outras superficies (+41,5 %).

Neste contexto socioeconómico prodúcese en Galicia unha media de dez mil incendios anuais. O Instituto de Economía e Xeografía do CSIC fixo un estudo, publicado en 2005, onde se realizaba unha análise de datos históricos sobre a porcentaxe de incendios provocados pola actividade humana en distintos territorios do Estado español (1968-2003). As conclusións do estudo é que en Galicia o 99,14 % dos incendios forestais son producidos por actividades humanas.

Desde 1988 producíronse en Galicia, segundo datos oficiais, arredor de 140.000 incendios, que queimaron unha superficie superior ao medio millón de hectáreas, das cales arredor de 200.000 eran arboradas.

A partir do ano 1995 acádanse niveis alarmantes no número de incendios: un incendio por cada 2 quilómetros cadrados de superficie forestal, cando a media estatal se sitúa nun incendio por cada 25 quilómetros cadrados. Así, Galicia, contando co 11 % da superficie forestal do Estado, soporta o 45 % de todos os incendios e o 30 % da superficie queimada estatal é galega. ¼ parte dos incendios producidos na Unión Europea (media da UE 45.000 incendios forestais ao ano).

DATOS DE SUPERFICIE E NÚMERO DE INCENDIOS EN GALICIA CON RESPECTO AO ESTADO:

—	1997	64 % dos incendios
—		29 % da superficie afectada
—	1998	59 % dos incendios
—		37 % da superficie afectada
—	1999	48 % dos incendios
—		15 % da superficie afectada
—	2000	60 % dos incendios
—		35 % da superficie afectada
—	2005.....	50% dos incendios
	33% da superficie afectada

FRECUENCIA DE INCENDIOS EN GALICIA SEGUNDO DATOS OFICIAIS

—	1970-1974.....	1.118 incendios/ano
—	1985-1989.....	4.624 incendios/ano
—	1990-1994.....	6.328 incendios/ano
—	1995-2000.....	10.000 incendios/ano
—	2000	12.672 incendios/ano
—	2004.....	10.618 incendios/ano
—	2005.....	11.973 incendios/ ano
—	2006.....	arredor de 9.000 incendios

SUPERFICIE AFECTADA NOS ÚLTIMOS ANOS SEGUNDO DATOS OFICIAIS

—	1997	27.748 ha
—	1998	48.064 ha
—	1999	10.476 ha
—	2000	44.809 ha
—	2002.....	26.125 ha
—	2003.....	19.819 ha
—	2004.....	19.819 ha
—	2005.....	57.442 ha

_ 2006.....90.000 ha

No territorio galego prodúcese unha media de 40 a 50 incendios por día, e houbo días deste verán que se contabilizan máis de 300 incendios, comarcas con 25-30 lumes diarios; cada vez que pasan de 10 a 20 días sen chover, sexa ou non verán, dispáranse de forma alarmante o número de lumes, a superficie calcinada e os efectos destes sinistros.

Á vista de todas estas circunstancias, non parece que dedicar todos os esforzos á extinción do lume sexa o máis intelixente nin o máis rendible economicamente. Se iso fose así non sería entendible a proliferación de lumes que historicamente se veñen producindo en Galicia, xa que a Xunta de Galicia ten orzado no período 1990-2005 a cantidade exorbitante de 603.937.573 euros exclusivamente para a extinción de lumes forestais. O resultado obtido non parece proporcional ao esforzo económico asumido pola sociedade galega.

3.3. Causas inmediatas

Á vista dos datos existentes, un 99,14 % dos incendios que se producen son como consecuencia da actividade humana, tanto por accións intencionadas como froito de descoidos ou negligencias. Polo tanto a principal causa dos incendios é a acción de delincuentes incendiarios. Neste ámbito conflúen dúas causas fundamentais:

3.2.1. Impunidade dos delincuentes incendiarios

A impunidade coa que actúan os delincuentes que lle prenden lume ao monte actúa como unha causa na existencia dos incendios. O nivel de eficacia policial e xudicial na detención e posterior procesamento e condena son mínimos, polo que unha elevadísima porcentaxe de actos delituosos quedan impunes.

Esta impunidade policial e xudicial ten sido paralela á impunidade social, é dicir, á falta de rexeitamento da sociedade con este tipo de delincuencia e polo tanto na pasividade na denuncia e combate dos seus actos.

3.2.2. Descoidos e negligencias no uso do lume

No sistema agrario tradicional o lume era unha ferramenta importante que se usaba para renovar os pastos no monte e nas rozas e para a eliminación de restos agrarios e forestais. É o que se ten dado en chamar “cultura do lume” na xestión agroforestal. Estas queimas non supoñían unha causa de incendios forestais xa que se realizaban de forma controlada e a propia situación das terras agrarias e forestais, que estaban debidamente xestionadas, dificultaba a súa propagación xa que eran moito menos combustibles.

Actualmente, a pesar do masivo abandono da actividade e das terras agrarias, as queimas persisten pero nalgúns casos con consecuencias ben diferentes, persiste a súa utilización para a limpeza de leiras e a destrución de restos pero dun xeito máis incontrolado e inseguro.

Anualmente en Galicia concédense unha media de 300.000 autorizacións administrativas para realizar queimas de restos agrarios e forestais e para a xestión do mato. Isto constitúe un factor de risco pola situación de acumulación de combustible que hai no medio rural e tamén porque quen as realiza en moitos casos son persoas de idade avanzada.

3.2.3. Conflitos sociais

Nalgúns lugares existen conflitos sociais asociados fundamentalmente ao uso do monte que poden desencadear accións premeditadas de prenderlle lume ao monte orixinando incendios forestais. Estes conflitos están relacionados coa gandaría mostrenga ilegal, cos danos ocasionados pola fauna salvaxe sobre os cultivos, coa caza e con problemas ligados aos deslindes nos casos de montes veciñais.

3.2.4. Relacionadas coa chamada industria do lume

Paradoxalmente hoxe en Galicia o lume é unha industria en si mesmo. Unha industria que absorbe unha inxente cantidade de recursos públicos, promovendo unha sorte de pseudo-plan estacional de emprego público de baixísima calidade e a través do cal historicamente se venderon os favores das contratacións, nun medio rural sen capacidade empregadora, e no que sustentaron a súa actividade de negocio non poucas empresas.

3.4. Causas estruturais

3.4.1. Relacionadas coa situación do medio rural

Existe gran coincidencia nas valoracións dos comparecentes en que parte das causas estruturais están relacionadas coa situación de abandono que nas últimas décadas se veu producindo no medio rural galego e que se caracteriza polos seguintes fenómenos:

- Unha abrupta desagrarización. Desde a segunda metade do século XX deuse no medio rural galego un proceso de reconversión consistente na desaparición de explotacións agrogandeiras e a conseguinte perda de poboación ocupada e que nas últimas décadas desencadeou nunha forte caída demográfica e un acusado envellecemento da poboación rural. O despoboamento é unha consecuencia de non terse xerado outras actividades económicas que compensaran a perda de actividade laboral no sector agrario. Mais non foi esta a única consecuencia do peche de explotacións senón que tamén se produciu un abandono crecente de extensións de terreo, retrocedendo o terreo agrario en favor do monte, unha diminución da mobilidade da terra e unha crecente forestación das terras agrarias.
- Cambios nos usos do monte. Historicamente o monte ocupa aproximadamente o 70 % do territorio da nosa nación. Ata a segunda parte do pasado século o monte estaba humanizado, xa que este estaba integrado dentro da actividade agrogandeira, realizando un uso sustentable do monte caracterizado polo seu aproveitamento e uso múltiple e multifuncional: para a gandaría extensiva, para fornecer de leña e da cama para o gando, froitos (noces, castañas). Aínda no ano 1962 o 40 % da superficie forestal galega era obxecto de pastoreo. O corolario dese proceso é a situación actual do monte, caracterizada polo incremento da superficie arborada, composta fundamentalmente por especies de crecemento rápido e sen ningún tipo de ordenación e polo monte baixo totalmente abandonado e sen aproveitamento.
- A introdución da lóxica da desorde. A ausencia dunha ordenación de usos do territorio, das terras agrarias e das forestais ten provocado unha situación caótica na configuración da paisaxe rural: forestación das terras abandonadas do uso agrario ata a beira das aldeas e das casas e simultaneamente a construción de novas vivendas no monte.

Estes factores configuran unha realidade actual na que se dan as seguintes circunstancias: un número crecente de terras de monte abandonadas, un solapamento ou conflito entre os distintos usos do solo e unha desvinculación da poboación rural a respecto do monte. Galicia conta cun territorio aproximado de 3.000.000 de hectáreas, das cales só unha cuarta parte, cerca de 715.000, son de cultivo e pasteiros, e arredor de 2.000.000 de monte, a metade de arborado e a outra de monte baixo. Dentro do monte arborizado só unha pequena parte está ordenada e ten os coidados adecuados: nun 92,8 % do territorio non se fai ningún tipo de preparación do solo, no 82,8 % non se fai ningún tipo de traballos de mantemento e só no 7 % se fan limpas.

A perda de peso do sector agrogandeiro na economía e a carencia de servizos e de alternativas de emprego no medio rural, xunto coas políticas agrarias que se implementaron no pasado, que priman por non producir ou facelo de forma intensiva e desvinculado da base territorial, provocaron un abandono do rural máis acusado nas zonas do interior e de montaña.

A evolución dos lumes foi aparelhada coa evolución do medio rural, do seu despoboamento e envellecemento, do abandono das terras agrarias e da aparición de novos intereses no monte. De feito os datos constatan que onde hai menos incendios, con carácter xeral, é nas zonas nas que hai unha maior actividade agrogandeira e naquelas zonas forestais que están debidamente ordenadas e cos labores de silvicultura adecuados.

Esta situación denota o fracaso de certo tipo de “modernización” do medio rural que forzou a destrución dunha grande parte do tecido produtivo agrogandeiro galego sen ningunha alternativa de ocupación, e trouxo como consecuencia o abandono masivo das terras e a xeneralización dun modelo de explotación forestal en si mesmo altamente perigoso e moi pouco rendible en termos sociais.

3.3.2. Relacionadas coa política forestal

A transformación da economía agraria trouxo consigo cambios que levaron ao abandono progresivo dos usos tradicionais do monte sen que estes fosen substituídos totalmente por outros usos alternativos.

Nas últimas décadas estendeuse o uso forestal madeireiro do monte pero dunha forma desordenada e sen a práctica de labores de silvicultura. Os montes que hoxe temos son o resultado dunha acelerada e irracional forestación que nos últimos trinta e cinco anos inzou unha grande parte do noso territorio nacional de especies pirófitas exóticas, nomeadamente eucalipto e piñeiro, de tal xeito que en grandes partes do noso territorio se destruíu a biodiversidade.

A política forestal de Galicia, iniciada nos últimos vinte anos do réxime franquista e que tivo a súa continuación ata o momento actual, segue marcada por unha visión desequilibrada que só atende á función produtiva de madeira de baixa calidade e marxina as funcións de uso social, de protección ambiental (diversidade e regulación do ciclo hídrico entre outros) e outros usos de carácter produtivo como a madeira de calidade, o gando, os froitos e a biomasa.

O noso monte non tivo vocación forestal no sentido de crear un bosque cultivado, de forma que se pode afirmar que actualmente apenas temos bosques autóctonos na nosa nación. Pola contra temos grandes superficies forestais de monocultivo con especies alóctonas, de crecemento rápido e grandes consumidoras de auga e nas que se acumula gran cantidade de biomasa de altísima combustibilidade.

En Galicia danse unha confluencia de factores tanto edafolóxicos como climatolóxicos que constitúen un elemento favorable para a existencia e crecemento de combustible forestal que constitúe un gran factor de risco para a existencia de incendios forestais e que dificulta enormemente a súa extinción, xa que eleva o grao de ignición. Existe pois unha gran acumulación de biomasa forestal residual cunha media de 12,5 toneladas por hectárea e que nalgúns casos, como nas matogueiras, pode chegar ás 40 toneladas por hectárea.

3.3.3. Relacionadas coa estrutura da propiedade forestal

A estrutura da propiedade do monte en Galicia distribúese do seguinte xeito:

Sobre un total de 2.089.594 ha:

Montes particulares: 66 %

Montes veciñais en man común: 32 %

Montes públicos: 2 %

A superficie media dos montes veciñais é de 215 ha e a dos montes particulares é de 2 ha.

Das case 700.000 ha de monte ocupados por montes veciñais, estas corresponden a un total de 2.800 comunidades de montes veciñais en man común, das que máis de mil non están constituídas e nas que polo tanto non existe ningún tipo de xestión no seu monte. Das constituídas, unha gran parte están abandonadas a superficies arborizadas con coidados insuficientes.

400.000 ha das correspondentes a propietarios particulares están integradas en explotacións agrarias pero co problema de ausencia de profesionalización na súa xestión.

O millón de hectáreas restante pertencen maioritariamente a propietarios que non teñen, na actualidade, ningunha vinculación co medio rural.

A xestión forestal das propiedades individuais está dificultada pola súa baixa rendibilidade motivada pola súa reducida extensión, polo que é preciso poñer en marcha mecanismos que favorecen a agrupación para conseguir unidades de xestión forestal máis rendíbles e dimensionadas e que favorezan un aproveitamento racional destas.

No que se refire aos montes veciñais a súa problemática está en moitos casos vinculada á ausencia de persoas nas parroquias, polo despoboamento e o envellecemento, en condicións de facer fronte á súa xestión, ás dificultades desta asociadas á súa fiscalidade, á falta de deslindes das comunidades e á carencia de plans de xestión.

4. Medidas de actuación para o futuro

4.1. Relacionadas co dispositivo

- Reformulación do dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais cara a unha maior profesionalización e estabilidade laboral, integrando as actuais brigadas municipais dentro do dispositivo autonómico.
- Que a Xunta acorde coa Fegamp instrumentos de colaboración para realización de labores de prevención e vixilancia.

- Reformulación do dispositivo no sentido de eliminar os defectos inherentes ao propio dispositivo tales como a inexistencia de reunións de coordinación dos distintos medios que interveñen en cada distrito forestal, unificar os medios de comunicación e a terminoloxía que empregan os distintos colectivos: bombeiros, brigadas forestais, protección civil..., deseñar un sistema capaz de expandirse ou contraerse de acordo coa situación da emerxencia, definir plans de acción consolidados e establecer instalacións auxiliares para a dirección de emerxencias en caso de grandes incendios.
- Intensificar a formación continua dos integrantes do dispositivo de loita contra incendios forestais co obxectivo de mellorar a súa seguridade e eficacia.
- Incorporar novas tecnoloxías á prevención, detección e loita contra incendios forestais e mellorar os medios materiais con que contan os traballadores, tanto no referido á maquinaria como aos equipos de protección persoal.

4.2. Relacionadas coa formación e sensibilización

- A resposta da sociedade galega fai aconsellable que a administración adopte medidas dirixidas a canalizar e dar resposta acaída á participación social nos traballos de prevención e coidado do noso patrimonio forestal e natural, posibilitando de forma organizada e segura o voluntariado, como forma directa da sociedade de dar resposta ás necesidades colectivas que temos como pobo.
- Fomentar a colaboración con tipo de asociacións e entidades para que sexan quen de favorecer unha rede de participación en defensa do monte galego aproveitando a experiencia adquirida durante a crise deste verán.
- Establecer programas de formación dirixidos ao conxunto da sociedade, fundamentalmente a aquela relacionada co medio rural en materia de prevención e defensa contra incendios forestais e acerca do uso e aproveitamento sustentable do monte e para a súa posta en valor.
- Medidas de participación pública, concienciación e educación.

○ Tanto a nivel autonómico como local deberase aumentar o nivel de participación pública, a través do desenvolvemento de novos elementos de participación de maior dinamismo e operatividade que os existentes ata o de agora:

- Fomentaranse as redes de debate entre os diferentes axentes sociais, prevendo as diferentes escalas de actuación destas entidades na loita contra o lume e o grao de participación no deseño das políticas medioambientais e de loita contra o lume.
- Apostarase pola educación para a sustentabilidade no sistema educativo formal, dando un salto desde a educación clásica ao papel da educación para o desenvolvemento humano sustentable con cambios de valores e pautas de comportamento.
- Medidas de fomento do asociacionismo medioambiental.
- Fortalecer o Consello Galego de Medio Ambiente e impulsar consellos locais e comarcais ou outros mecanismos de participación formal.

4.3. Relacionadas coa actuación contra a delincuencia incendiaria

- Modificacións legais para que a futura Policía autonómica galega asuma en exclusiva as competencias en materia de investigación, prevención e loita contra incendios forestais, dotando os seus efectivos da formación e especialización técnica e científica necesaria e dos medios materiais máis avanzados para realizar as súas funcións.

- Elaboración de estadísticas que permitan establecer cales son as motivacións na comisión dos delitos, os intereses que os motivan e demais datos estatísticos de interese para abordar a prevención da súa actuación.
- Establecer mecanismos de coordinación e o intercambio de datos e información entre as forzas e corpos de seguridade, as brigadas de investigación de incendios forestais e os distritos forestais.
- Establecer protocolos de colaboración e intercambio de información entre as forzas e corpos de seguridade do Estado, o departamento autonómico con competencias en materia de loita contra incendios forestais e a fiscalía de coordinación de incendios forestais para optimizar os resultados da súa actuación.
- Dotar a fiscalía de medio ambiente que se encargue de velar pola conservación do patrimonio natural dos medios materiais, técnicos e humanos precisos para realizar o seu labor. Mellorar a coordinación da autoridade xudicial, do ministerio fiscal cos servizos forestais e as forzas de orde pública para optimizar os resultados da investigación e a persecución dos incendiarios.
- Establecer mecanismos que garantan o anonimato das testemuñas para incrementar a colaboración cidadá na denuncia e achega de datos e indicios que faciliten as detencións e a obtención de probas.
- Exixencia de responsabilidade civil aos delinquentes que resulten condenados por delitos de incendios forestais.

4.4. Relacionadas co desenvolvemento rural

- Fomento da creación de emprego, así como a estabilidade das persoas que traballen en labores relacionados coa multifuncionalidade do monte, xa que resulta fundamental para acabar cos incendios forestais a revitalización económico/demográfica do mundo rural, onde se localizan as grandes superficies dos ecosistemas forestais.
- Potenciamento de sectores industriais e empresariais que centren o seu traballo na conservación de masas forestais, no aproveitamento sostible dos montes e na prevención dos incendios.
- Planificación da rede de camiños forestais e rurais.
- Deseñar novos instrumentos legais que permitan a permuta, agrupación ou explotación conxunta de predios rurais para facer fronte á dispersión e ao minifundio existente.
- Promover modificacións fiscais que faciliten a mobilidade e concentración da propiedade rural e forestal.
- Establecer un contrato social entre a Xunta de Galicia e a sociedade rural a fin implicar a esta en labores de vixilancia, prevención e valorización do bosque e do monte, con obxectivos avaliábeis.
- Apoio á valorización dos subprodutos forestais e ao aproveitamento da biomasa para a obtención de enerxía e outras aplicacións.
- Establecer, con carácter de urxencia, os mecanismos administrativos que lle permitan á Xunta de Galicia coñecer, definir e tutelar a superficie abandonada ou de descoñecidos.
- Fomentar, incentivar e facilitar o acceso ás axudas medioambientais dos propietarios forestais no próximo período de axudas 2007-2013 da UE.

4.5. Relacionadas coa política forestal

- Elaboración dunha Lei do monte galego na que se articulen as accións necesarias para facer do monte galego un activo económico, social e medioambiental que xere rendas aos propietarios en particular e á sociedade en xeral e que profesionalice a actividade forestal no medio rural.
- Elaboración dunha Lei de prevención de incendios forestais pola que se regulen as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.
- Ordenación dos cultivos agrarios e forestais, asignándolle a cada unha das especies as localizacións máis axeitadas.
- Con carácter urxente realizar un plan de recuperación e rexeneración da cuberta arbórea afectada polos lumes que integre a posta en valor dos recursos existentes.
- Afrontar a introdución de especies caducifolias nobres baixo modelos silvícolas tecnicamente xustificadas naquelas zonas nas que a situación do monte permita o seu desenvolvemento axeitado.
- Impulsar proxectos de aproveitamento enerxético e de compostaxe da biomasa forestal residual (rozas controladas, restos de cortas, podas ou rareos), mediante o establecemento dun programa de apoio ao aproveitamento da biomasa forestal primaria con fins enerxéticos e de compostaxe que prevexa polo menos as seguintes medidas: a adecuación das masas forestais, o establecemento de cultivos enerxéticos, a loxística para a explotación e transporte da biomasa e o apoio ás iniciativas empresariais ou domésticas destinadas a este fin.
- Establecer compensacións de perda de renda dirixidas aos propietarios forestais suxeitos a restricións de uso por ter propiedades dentro da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.
- Mellora dos recursos xenéticos forestais, uso de semente e planta mellorada para as principais especies, tanto de interese produtivo como medioambiental e paisaxístico, que incida de forma directa na obtención dunha mellor calidade do produto a un custo máis baixo e con maior resistencia a pragas e doenzas.
- Impulsar mecanismos para a reestruturación da propiedade en Galicia coa posta en marcha do Banco de Terras e doutros instrumentos que permitan a agrupación de pequenos propietarios en parcelas lindantes, prestándolles apoio en materia de asistencia técnica, administrativa, contable e fiscal ás comunidades de montes veciñais e propietarios particulares.
- A diversificación de usos do monte esixe tamén atención, sendo unha tarefa prioritaria que contribúe á creación dun mosaico de vexetación e, polo tanto, de combustible, con maior capacidade de defensa contra o lume.

4.6. Relacionadas coa planificación do territorio e a ordenación de usos

- A planificación territorial dos usos no medio rural deber pasar pola revisión da Lei de protección do medio rural, para establecer un marco xurídico claro e suficiente para harmonizar as normativas concorrentes no territorio, nomeadamente as de carácter municipal que afectan a actividade forestal. Unha das medidas de carácter urxente dentro da ordenación territorial é a planificación e a ordenación de usos: definición de usos dos diferentes solos (forestal, agrario, urbano), a delimitación clara das interfaces, o establecemento claro e diferenciado de perímetros de seguridade arredor dos núcleos rurais que limiten o combustible, a declaración de zonas de alto valor de produción dos recursos forestais e a ordenación destas e a delimitación de zonas de transición de carácter urbano-forestal que deberán ser parte dos plans coordinados de xestión forestal.

- Poñer en marcha medidas para que a rede de estradas reciba unha actuación de limpeza e rozas de gabiás coa finalidade de contribuír ás medidas paliativas de loita contra os incendios, o que supoñerá tamén que as estradas asuman tamén un protagonismo como devasas.
- Regular as medidas de protección e de prevención de incendios forestais nas urbanizacións e nas construcións illadas.
- Reforzar os instrumentos de vixilancia e control no cumprimento da normativa.
- A importancia que adquiren as medidas de prevención na nova tipoloxía de incendios forestais fai imprescindible que se faga un seguimento e control exhaustivo das obrigas de prevención, tanto públicas como privadas.

4.7. Relacionadas coa protección civil

- Ante a enorme actividade incendiaria que padecemos anualmente en Galicia, acrecentada este ano coa nova tipoloxía dos incendios, é necesario mellorar e dotar de máis medios os servizos de predición meteorolóxica. Así mesmo sería conveniente unificar os servizos de alerta cun mando único claro na priorización das intervencións.
- Superar a Resolución do 26 de xuño de 2001, coñecida como Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia. Trátase dunha norma básica para unha axeitada coordinación de emerxencias, pero que xa non se axusta ás novas necesidades de coordinación.
- Elaboración de lexislación en materia de emerxencias que sirva para mellorar a coordinación entre as distintas administracións e dos seus recursos, definir os órganos colexiados nos que participan diferentes administracións simplificando e axilizando as súas funcións e a activación dos protocolos de actuación e nos que se definan as competencias de cada unha das administracións nas distintas materias.
- Mellora e unificación dos soportes informáticos e de comunicación entre as diferentes administracións.
- Ante a enorme actividade incendiaria que padecemos anualmente en Galicia, acrecentada este ano coa nova tipoloxía dos incendios, é necesario mellorar e dotar de máis medios os servizos de predición meteorolóxica. Así mesmo sería conveniente unificar os servizos de alerta cun mando único claro na priorización das intervencións.

4.8. Relacionadas coa protección do medio ambiente natural

- Incrementar as zonas con algún réxime de protección ambiental, imposibilitando así a perda e deterioración de ecosistemas galegos fundamentais, adoptando as medidas de protección e prevención fronte aos incendios forestais máis acaídas a cada zona concreta.
- Medidas específicas dirixidas á prevención nos espazos naturais protexidos e valorización do medio ambiente.
- Elaboración dun Mapa de riscos de incendios forestais nos espazos naturais protexidos:
 - Rede Natura
 - Parques naturais
 - Outros espazos con protección
 - Plan de continxencia da erosión e dos recursos hídricos derivados dos lumes. Non existe evidencia empírica ningunha que permita prever un escenario de ausencia total de lumes forestais nos anos vindeiros; é absolutamente prioritaria a elaboración dun Plan de

continxencia fronte á erosión do solo e riscos hidrolóxicos causados polos incendios forestais, que debe estar completamente operativo na primavera de 2007.

- o Ampliación dos espazos naturais protexidos en consonancia cos requirimentos da UE, co obxecto de incrementar a protección dos recursos naturais.
- o Plan de limpeza dos leitos e ribeiras fluviais (espazo de dominio público), como medida potenciadora das barreiras naturais contra a propagación dos lumes.
- o Programa de apoio ás iniciativas de conservación e limpeza dos tecores como espazos adecuados para preservar o comezo e proliferación de incendios.
- o Potenciación dos distritos ambientais, achegando máis medios humanos e técnicos, co obxecto de mellorar a presenza e eficiencia dos axentes ambientais en todo o territorio.

- Establecer protocolos de actuación para que logo da ocorrencia dos incendios forestais se pauten a retirada da madeira queimada de forma planificada e ordenada, de tal xeito que non se provoque, por un exceso de uso de maquinaria pesada, máis danos no solo. Así mesmo a vexetación arbórea serve de protección nas primeiras escorrentas, mentres non é posible a rexeneración da cuberta vexetal, que necesita do tempo mínimo imprescindible para que se complete o ciclo das especies de mato e herbáceas. Estes protocolos tamén deberán prever a adopción de medidas de rexeneración das zonas queimadas, tanto de protección da erosión como de recuperación da cuberta vexetal, cun seguimento acaído da súa evolución, con especial incidencia naquelas zonas cunha elevada frecuencia de lumes, de pendentes máis acusadas e de maior risco de erosión.
- Incrementar os recursos públicos dirixidos a paliar as consecuencias a longo prazo dos incendios forestais, así como mobilizar os recursos adecuados para que o monte galego poida gozar da posición central que lle corresponde como parte fundamental do modelo tradicional de asentamento e ordenación da poboación na nosa nación.
- Medidas que favorezan a recolonización por parte da fauna dos territorios afectados.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2006

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Presidente da Comisión

Abel Fermín Losada Álvarez
Secretario da Comisión

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.1.1 LEIS
 - 1.1.2 REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.1.3 NORMAS COMPLEMENTARIAS E RESOLUCIÓNS INTERPRETATIVAS DO REGULAMENTO
 - 1.1.4 CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.1 PROXECTOS DE LEI
 - 1.2.2 PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.2.3 PROPOSICIÓNS DE LEI DE INICIATIVA POPULAR
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 - 1.3.1 PROPOSICIÓNS DE REFORMA DO REGULAMENTO DO PARLAMENTO
 - 1.3.2 PROPOSICIÓNS DE LEI PARA PRESENTAR PERANTE O CONGRESO DOS DEPUTADOS
 - 1.3.3 PROPOSTAS DE CONVENIOS E ACORDOS DE COOPERACIÓN CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS
2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.1.1 DECRETOS LEXISLATIVOS
 - 3.1.2 OBXECCIÓNS
 - 3.1.3 DITAME DA COMISIÓN
 - 3.1.4 RESOLUCIÓN DO PLENO
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.1 COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.2.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.2.3 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.1 PROGRAMAS E PLANS
 - 3.3.2 INFORME DA PONENCIA
 - 3.3.3 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.3.4 RESOLUCIÓNS APROBADAS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.5.1 MOCIÓNS
 - 3.5.2 EMENDAS ÁS MOCIÓNS
 - 3.5.3 MOCIÓNS APROBADAS
 - 3.5.4 MOCIÓNS REXEITADAS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.1.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.1.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.6.2.1 PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.2 EMENDAS ÁS PROPOSICIÓNS
 - 3.6.2.3 PROPOSICIÓNS APROBADAS
 - 3.6.2.4 PROPOSICIÓNS REXEITADAS
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.7.1 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA E A MESA
 - 3.7.2 DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS
 - 3.7.3 OUTRAS RESOLUCIÓNS
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 - 3.8.1 MEMORIA ANUAL DO CONSELLO DE CONTAS E INFORME DE FISCALIZACIÓN DAS CONTAS DO SECTOR PÚBLICO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 3.8.2 INFORMES SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO
4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.1.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN PLENO
 - 4.1.2 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA EN COMISIÓN
 - 4.2 INTERPELACIÓNS

- 4.3 PREGUNTAS
 - 4.3.1 PREGUNTAS ORAIS EN PLENO
 - 4.3.1.1 PREGUNTAS URXENTES
 - 4.3.1.2 PREGUNTAS AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA
 - 4.3.2 PREGUNTAS ORAIS EN COMISIÓN
 - 4.3.3 PREGUNTAS PARA RESPOSTA POR ESCRITO
- 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
- 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.3.1 NORMAS RELATIVAS AO VALEDOR DO POBO
 - 5.3.2 INFORMES DO VALEDOR DO POBO
 - 5.3.3 RESOLUCIÓNS DO VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.1 NORMAS RELATIVAS AO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.4.2 INFORMES DO CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
- 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOCAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOCAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOCAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
- 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.1.1 COMPOSICIÓN DO PLENO
 - 7.1.2 COMPOSICIÓN DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.1.3 COMPOSICIÓN DA MESA DO PARLAMENTO
 - 7.1.4 COMPOSICIÓN DA MESA-XUNTA DE PORTAVOCES
 - 7.1.5 COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS
 - 7.1.6 COMPOSICIÓN DA MESA DAS COMISIÓNS
 - 7.1.7 COMPOSICIÓN DOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.1 NORMAS DE RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.2.2 ESTATUTO DOS DEPUTADOS E GRUPOS PARLAMENTARIOS
 - 7.2.3 ORZAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.2.4 CONTA XERAL DO PARLAMENTO
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 - 7.3.1 CONSTITUCIÓN DO PARLAMENTO
 - 7.3.2 PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN POLAS QUE SE CREAN COMISIÓNS
 - 7.3.3 CONVOCATORIAS
 - 7.3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS E COMUNICACIÓNS DOS ÓRGANOS DA CÁMARA
 - 7.3.4.1 CONVALIDACIÓN DOS ACORDOS DA DEPUTACIÓN PERMANENTE
 - 7.3.4.2 NORMAS DE FUNCIONAMENTO DE COMISIÓNS NON PERMANENTES
 - 7.3.4.3 PRÓRROGAS DOS PERÍODOS DE SESIÓNS
 - 7.3.4.4 HABILITACIÓN DE DÍAS HÁBILES
 - 7.3.4.5 DÍAS E HORAS DE REXISTRO DE DOCUMENTOS
 - 7.3.4.6 OUTRAS RESOLUCIÓNS E ACORDOS
 - 7.3.5 DISOLUCIÓN DO PARLAMENTO
- 8. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES
 - 8.3.1 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA
 - 8.3.2 XESTIÓN ECONÓMICA
 - 8.3.3 CONVENIOS E ACORDOS
 - 8.3.4 AXUDAS E BOLSAS
 - 8.3.5 PUBLICACIÓNS
- 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
